

Proposta de intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus

Traballo Final de Mestrado



Máster en Servizos Culturais
Curso 2022/2023

Alumno: Aarón Navia Fernández
Titora: Ph.D. Elena Freire Paz

Proposta de intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus

Traballo Final de Mestrado



Máster en Servizos Culturais
Curso 2022/2023

Alumno: Aarón Navia Fernández
Titora: Ph.D. Elena Freire Paz

“Ó primeiro, o actor e o espectador coexistían na mesma persoa; cando se separan, cando certas persoas se especializan como actores e outras como espectadores, é cando nacen as formas teatrais como hoxe as coñecemos.”

“Calquera pode facer teatro, incluso os actores. Pódese facer teatro en todas partes, incluso nos teatros.”

Augusto Boal, teórico e director teatral.

Grazas a todos os pasos do camiño. Grazas ás persoas que, amablemente, aportaron información para a elaboración deste TFM. Grazas á poboación de Lugo por apropiarse da festa e facela mellor. Grazas á miña familia luguesa por acollerme en tantas xornadas de estudo e investigación. Grazas a Norberto, por todo. Este paso é tan teu coma meu. Grazas, Mamá.

Resumo:

A idea básica será investigar sobre as posibilidades de actuación ao redor das artes vivas para achegarse á posible elaboración de distintas ferramentas vinculadas ao tratamento da cultura que permitan incorporar novas propostas de actuación na programación do Arde Lucus. Resulta evidente que a creación do Arde Lucus, a principios do século XXI dentro das festas de recreación histórica, ten suposto un pulo de primeira orde para a cidade de Lugo e na súa, curta pero xa dilatada, traxectoria a cantidade de actividades lúdicas ten ido consolidándose. Sen embargo, consideramos que resultaría de interese incrementar esta oferta co deseño de actividades vinculadas as artes clásicas e, máis en concreto, co mundo do teatro. Neste sentido entendemos que, un tratamento integral da cultura pode chegar a supoñer un terreo óptimo para conxugar as ferramentas propias das artes vivas en sentido clásico (a representación escénica), o tratamento das propostas culturais na actualidade (no Arde Lucus) e a apertura dun nicho laboral vinculado coa xestión no que se aproveiten os coñecementos humanísticos que proporciona o máster en Servizos Culturais coa propia interacción social. Neste sentido, a nosa proposta retomaríase o sentir reflexivo, crítico e vivido do teatro grego e incorporaría engadidos de máximo interese para a concreción precisa dunha proposta de xestión cultural acaída aos obxectivos da liña profesional na que se enmarca este TFM.

Summary:

The main goal is to explore the possibilities of incorporating different tools related to cultural treatment in order to enhance the programming of Arde Lucus through the performing arts. It is evident that the creation of Arde Lucus, in the early 21st century within the historical recreation festivities, has greatly benefited the city of Lugo, and over its short but already extensive trajectory, the number of recreational activities has been consolidating. However, we aim to expand its offerings by including activities related to classical arts, specifically theater. By taking an integrated approach to culture, we can combine classical performing arts, current cultural proposals, and create job opportunities in management that leverage the humanistic knowledge provided by the Master en Servizos Culturais. Our proposal draws inspiration from Greek theater and incorporates additions of interest for the precise realization of a cultural management proposal tailored to the objectives of the professional line in which this TFM is framed.

Resumen:

La idea básica será investigar sobre las posibilidades de actuación alrededor de las artes vivas para acercarse a la posible elaboración de diferentes herramientas vinculadas al tratamiento de la cultura que permitan incorporar nuevas propuestas en la programación del Arde Lucus. Resulta evidente que la creación del Arde Lucus, a principios del s. XXI y dentro de las fiestas de recreación histórica, ha supuesto un impulso de primer orden para la ciudad de Lugo y en su, corta pero ya dilatada, trayectoria la cantidad de actividades ha ido consolidándose. Sin embargo, consideramos que resultaría de interés incrementar esa oferta con el diseño de actividades vinculadas a las artes clásicas y, más concretamente, al mundo del teatro. Así, entendemos que un tratamiento integral de la cultura supondría un terreno óptimo para conjugar las herramientas de las artes vivas en sentido clásico (escénico), el tratamiento de las propuestas culturales en la ciudad (en Arde Lucus) y la apertura de un nicho laboral vinculado con la gestión en el que se aprovechen los conocimientos humanísticos que proporciona el máster en Servizos Culturais. En este sentido, nuestra propuesta retomaríase el sentir reflexivo, crítico y vivido del teatro griego e incorporaría añadidos de máximo interés para la concreción precisa de una propuesta de gestión cultural adecuada a los objetivos de la línea profesional en la que se enmarca este TFM.

Proposta de intervención en artes vivas para o Arde Lucus

ÍNDICE

	páxina
1. Introducción	6
2. Contexto e problematización	8
2.1 Profesionalización e falta de oportunidades laborais da/o artista escénico galega/o	8
2.2 Programación inintelixible na súa conexión coas Artes Vivas	9
2.3 Desconexión Arde Lucus das Artes Vivas romanas e castrexas	10
3. Proposta de intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus.....	12
3.1 Obxectivos	12
3.2 Intervención	13
3.2.1 Teatro <i>Ludi et pompa</i>	14
3.2.2 Propostas espaciais	15
3.2.3 Programación	17
3.2.4 Perspectiva de xénero	18
3.2.5 Proposta de estrutura legal	19
3.2.6 Comunicación	20
3.2.7 Viabilidade económica	21
a) Financiamento	21
b) Orzamento	23
c) Conclusións económicas	24
3.2.8 Avaliación xeral	25
4. Conclusións	25
5. Bibliografía	29
6. Anexos	31
6.1 Anexo 1: Transcrición entrevista a Tareixa Campo	31
6.2 Anexo 2: Transcrición entrevista a María José Pena	42
6.3 Anexo 3: Transcrición entrevista a Carmen Basadre	48
6.4 Anexo 4: Transcrición entrevista a Lola Fernández	57

1. INTRODUCCIÓN¹

Dende o seu nacemento no ano 2001, co gallo da conmemoración da fundación romana de *Lucus Augusti*, a festa de recreación histórica *Arde Lucus* foise convertendo, ano a ano, nunha das celebracións festivas máis populares e populosas do norte de España, traspasando as fronteiras territoriais galegas ata atraer, segundo o propio Concello²³, seis veces máis da poboación estable de Lugo, cidade na que se celebra.

Nos anos anteriores ó nacemento desta festa xa existía na cidade o xermolo dun teatro amator e rueiro, que poderíamos localizar en compañías de ampla traxectoria coma *Achádego*, con 34 anos de existencia, meténdose na pel da Familia Pelúdez⁴ polas rúas da cidade desde os anos 90⁵; que pronto se estendeu a outros espazos. Así, Tareixa Campo, membro fundador desta compañía, dirixiu a Compañía de Teatro da USC-Lugo nos seus primeiros anos (1993-1998)⁶ nun contexto que ela describe coma un “ferver” de grupos que facían teatro e enchían como público as funcións representadas no Auditorio Gustavo Freire⁷, principal escenario da cidade. Outras compañías locais de carácter amator ou semiprofesional xurdidas na cidade neses anos, sen pretender unha listaxe exhaustiva, son Nova Escena, Palimoco, Pinconús, Hipócrita, etc. Podemos afirmar, polo tanto, que aquel xermolo enraizou e botou polas en toda a cidade. Hoxe, son decenas de miles os lucenses que, co gallo do *Arde Lucus*, saen á rúa non só disfrazados (unha palabra, por outro lado, rexeitada no ámbito das artes escénicas) senón directamente transformados en romanos e castrexos. Xa nos deteremos máis adiante sobre se iso é ou non teatro, *stricto sensu*, máis sen dúbida podemos afirmar que un dos piores nos que se asenta o éxito do *Arde Lucus* é a recreación performativa e historicista, máis ou menos consciente, asumida pola veciñanza.

¹ Este traballo enmárcase no programa de investigación MURUS —*MUros Romanos UNesco y Sociedades* (Fundación de Ciencias Humanas, MSH Ange Guépin, Francia) no que participan a Universidade de Santiago de Compostela (España), a Le Mans Université e a Sapienza-Università di Roma (Italia).

² Redación. (20 de Xuño de 2016) Récord de 600.000 visitantes en el Arde Lucus. *El Correo Gallego* <https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/record-600-000-visitantes-arde-lucus-KSCG1003832> (Consultado o 1 de setembro de 2022).

³ R.L. (17 de xuño de 2019) *El Arde Lucus se consolida ajeno a los vaivenes de visitantes*. El Progreso. <https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/arde-lucus-consolida-ajeno-vaivenes-visitantes/201906170202291382502.html> (Consultado o 1 de setembro de 2022).

⁴ Rivera, J. (3 de outubro de 2019) "A familia Pelúdez reflicte o espírito do San Froilán" El Progreso. <https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/familia-peludez-reflicte-espiritu-do-san-froilan/201910032257141400137.html> (Consultado o 1 de outubro de 2022).

⁵ Pelúdez apareceu por primeira vez en 1908 no xornal local *El Progreso* como un cronista de ficción das festas patronais de Lugo (San Froilán, cada ano do 5 ao 12 de outubro). Retranqueiro e mordaz, representaba á poboación flotante rural que visitaba a cidade pola festa e feira e tiña un punto de vista á vez foráneo e autóctono sobre as mudanzas da vida na cidade de ano en ano. Tras el escondíase o xornalista Antonio de Cora Sabater e posteriormente, o longo da historia, ata cinco xornalistas distintos metéronse na súa pel e pluma. Dende 1997, durante as festas, o grupo de teatro amator lucense *Achádego Teatro* representa á familia Pelúdez con espectáculos de teatro de rúa que combinan elementos guionizados de actualidade con improvisacións en base ás personalidades das personaxes.

⁶ Universidade de Santiago de Compostela (2 de novembro de 2011) *Mayoría de idade da aula de teatro de Lugo* <https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/maioria-idade-aula-teatro-usc-lugo> (Consultado o 17 de marzo de 2023).

⁷ Ver Anexo 1: Entrevista a Tareixa Campo

Outro dos elementos a destacar desta festa son as dezanove asociacións culturais⁸ que traballan como verdadeiras impulsoras activas das diversas actividades que enchen a programación. Dun xeito orgánico, *Arde Lucus* é unha experiencia de xestión cultural colectiva que nos achega á idea de democracia cultural⁹, na que os contidos e creación non son impostos polos poderes dominantes (de arriba abaixo) senón que son xerados e xestionados pola propia poboación. Así, segundo indica a Xefa de Sección da Casa da Xuventude do Concello, María José Pena, as asociacións e grupos teatrais son convocadas arredor de xaneiro para que propoñan o que desexan facer na festa ese ano e reciben un pago para a produción, coma se foran compañías profesionais, proporcional segundo criterios coma o número de membros, complexidade técnica, antigüidade e orixinalidade da proposta¹⁰.

Cómpre destacar que, ó contrario do que se podería pensar desde fóra, o Arde Lucus non é unha iniciativa da Área de Cultura, de Turismo ou mesmo de Economía do Concello (a pesares de potenciar as relacións culturais, atraer visitantes e dinamizar a economía local con demostrada intensidade). Pola contra, é unha iniciativa que xurdiu e se mantén baixo as competencias da Concellería de Xuventude.

Resulta moi salientable, segundo destaca Carmen Basadre, impulsora do Arde Lucus¹¹, que a Concellería de Xuventude, responsable do Arde Lucus, conta cun equipo fixo de apenas tres funcionarios de carreira e un número variable de bolseiros e colaboradores puntuais. Se a isto engadimos un orzamento público de menos dun cuarto de millón de euros anuais para a festa, resulta obvio que a produción dun evento deste tamaño sería imposible sen a participación horizontal e voluntaria da cidadanía.¹²

Polos motivos expostos, este TFM pretende sumar ás iniciativas existentes unha proposta que contribúa á profesionalización e extensión de ámbitos de acción na festa lúdico-cultural desde o respecto ás iniciativas existentes e atendendo a aquelas arestas nas que se podan aportar novos contidos que complementen ou melloren pero non substitúan ós existentes. Desde a admiración e máximo respecto ao traballo colectivo realizado nestas dúas décadas

⁸ Durante a realización deste TFM deseñamos unha enquisa dirixida ás asociacións culturais vinculadas ó Arde Lucus co fin de recompilar información sobre o seu funcionamento, estrutura e área de especialidade. A suma de varios factores (a saber, entre outros: protección de datos persoais, reticencia dos individuos a falar en nome do colectivo e falta de estrutura estable ó longo do ano nalgúns casos) fixeron que os resultados acadados non foran academicamente relevantes para ser incluídos neste TFM. En calquera caso, a falta de datos cuantitativos froito desta enquisa, non é óbice para incluír referencias cualitativas obtidas no proceso.

⁹ Seguimos aquí a García Canclini (1987) cando di que o paradigma de democracia cultural ou democracia participativa, ten como características, entre outras, “que no se limita a accións puntuais, sino que se ocupa de la acción cultural con un sentido continuo (a través de toda la vida y en todos los espacios sociales), y no reduce la cultura a lo discursivo o lo estético, pues busca estimular la acción colectiva a través de una participación organizada, autogestionaria, reuniendo las iniciativas más diversas”.

¹⁰ Ver Anexo 2: Entrevista María José Pena.

¹¹ Ver Anexo 3: Entrevista Carmen Basadre.

¹² Para poñer a cifra en contexto, o Concello de Lugo dedicou no 2021 un millón de euros á Programación Cultural (principalmente contratos de actuacións para o Auditorio Gustavo Freire). Concello de Lugo (18 de decembro de 2020). *Rubén Arroxo presenta en el pleno municipal los presupuestos de las áreas de la Tenencia de Alcaldía*. <https://concellodelugo.gal/es/noticias/ruben-arroxo-presenta-en-el-pleno-municipal-los-presupuestos-de-las-areas-de-la-tenencia-de> (Consultado o 20 de marzo de 2023).

de celebración do Arde Lucus, consideramos que desde este Mestrado de Servizos Culturais, único no seu ámbito na cidade e rexión, podemos e debemos achegar unha visión académica e profesional que complementa de xeito acaído aquilo que xa é un éxito a día de hoxe.

2. CONTEXTO E PROBLEMATIZACIÓN

2.1 Profesionalización e falta de oportunidades laborais do/a artista escénico galego/a.

O 2 de Xuño de 2005 o Diario Oficial de Galicia publica o Decreto 145/2005 polo cal a Xunta de Galicia, dentro das súas competencias exclusivas en materia de educación, crea unha Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo. A necesidade de profesionalización das Artes Escénicas en Galicia era evidente ante a carencia absoluta de opcións regradas para unha formación integral de actores, actrices, directores/as, escenógrafos/as e demais áreas de creación escénicas. Esta unicidade e excepcionalidade era recoñecida polo propio lexislador apenas seis meses máis tarde co Decreto 42/2006 do 23 de febreiro no que se muda a denominación da institución educativa a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD-G). Sería desexable, ante a fundación dunha institución educativa que vén cubrir un oco histórico na formación artística galega e en galego, que se incluísen, nas súas motivacións, os antecedentes e obxectivos que daban sentido á creación da Escola (tradición, necesidade, formación empírica, nicho de mercado, empregabilidade, etc.); sen embargo, a suma de ambos decretos apenas aporta máis información que a expresada neste parágrafo.

Ante esta falta de concisión nas intencións do lexislador, acudimos ao *Manual de Calidade - Sistema de Garantía Interna de Calidade* da Propia ESAD-G, aprobada en Consello Escolar na súa última revisión (4ª) o 27 de febreiro de 2018. Neste texto normativo, xa máis extenso, recóllese a necesidade de que a ESAD-G sexa non só un centro de estudos e investigación, senón tamén un centro de creación escénica e de formación continua dos profesionais galegos. Podemos sobreentender, porén, que dende a propia concepción da ESAD-G se está a recoñecer a necesidade de industrialización e de creación de oportunidades laborais para o seu alumnado. Pola contra, dezaioito anos despois, tendo en conta que se ofertan 48 prazas ó ano e que podemos estimar unha taxa de abandono na contorna do 14%¹³, preto de 700 profesionais en Arte Dramática en Galicia foron incorporados a un sistema laboral con difícil inserción.

Esta realidade é especialmente certa se segmentamos os datos por xénero e idade; segundo indica o Consello da Cultura Galega (2020) os profesionais escénicos de menor idade e as mulleres teñen máis formación regrada pero acceden con maior dificultade ós postos de traballo. Do mesmo xeito, a pesar do pulo formativo que, sen dúbida, supuxo a creación da ESAD-G, apenas un 5% dos profesionais estatais viven en Galicia. E dese

¹³ Subdirección General de Actividad Universitaria Investigadora de la Secretaría General de Universidades. Ministerio de Universidades. Gobierno de España. (2022) *Datos y cifras del Sistema Universitario español. 2020-2021*. Edita: Secretaría General Técnica del Ministerio de Universidades.

cinco por cento afincado en Galicia, o paro profesional (artistas que complementan ingresos con actividades non vinculadas á súa profesión) acada o 40% e os parados estritos o 24%¹⁴

Vemos, polo tanto, que a día de hoxe os artistas escénicos galegos teñen unha única posibilidade formativa universitaria no seu territorio e lingua e escasas posibilidades de desempeño profesional. Galicia, porén, forma talento nas Artes Escénicas pero non é capaz de incorporalo ó tecido produtivo.

Tal como indica o Observatorio da Cultura Galega (2020), o modelo maioritario de xestión teatral en Galicia é o da contratación pública dirixida á oferta de espectáculos de balde ou a prezos por debaixo do custo de produción. Ademais da evidente competencia desleal para os empresarios privados (ás veces, os propios artistas escénicos), supón outras derivas perniciosas na relación entre a creación e o público. Así, en non poucas ocasións os profesionais vense abocados a ter unha estrutura de asociación cultural sen ánimo de lucro paralela ou en substitución dunha estrutura empresarial. Igualmente, maleduca ó público nunha desvalorización do traballo artístico trasladando ao político conseguidor un mérito que non lle pertence e xerando redes clientelistas e caciquiles contrarias á libre creación artística.

Rescatamos aquí unha expresión particularmente acaída no contexto deste TFM, cando o propio Observatorio da Cultura Galega (2020) afirma que o responsable político de quenda “reparte pan e circo entre a poboación”¹⁵. Un modelo, polo tanto, de políticas culturais que nos achega máis á democratización cultural que á democracia cultural ou participativa¹⁶.

2.2 Programación inintelixible na súa conexión coas Artes Vivas¹⁷

Para calquera observador externo resultará obvio que o Arde Lucus conta cun ingrediente teatral definitorio. De feito, o mesmo Concello se refire á festa como “referente en la recreación histórica”¹⁸. E, sen dúbida, na súa curta traxectoria de apenas dúas décadas, ten acadado cotas de recoñecemento e participación moi salientables: Festa de Interese Turístico Galego, Fiesta de Interés Turístico Nacional e Premio Internacional CGLU - Ciudad de México - Cultura 21 Buenas Prácticas 2016 e, máis recentemente, Festa de Interese Turístico Internacional.¹⁹

¹⁴ Fundación Artistas Intérpretes Entidad de Gestión de Derechos de Propiedad Intelectual. (2016). *Estudio y diagnóstico sobre la situación sociolaboral de actores y bailarines en España. Edición 2016*. Ed. AISGE.

¹⁵ Consello da Cultura Galega (2020). *Informe sobre o teatro galego 2020: creadores, xestores e público*. Observatorio da Cultura Galega.

¹⁶ Ver Nota ao pé #6

¹⁷ Escollemos a denominación Artes Vivas, de recente cuño, seguindo a definición aportada por Garín Martínez (2018) por estender e incluír diversos ámbitos de creación desde o corpo do artista e en relación cun público: “El concepto de Artes Vivas designa manifestaciones de artes escénicas (*Performative Arts*) que reúnen algunas de las siguientes características: a. contacto directo artista-público b. multidisciplinariedad c. destinatario social d. valor de la experiencia antes que la observación contemplativa e. problematización del concepto de arte f. multisensorialidad g. innovación h. investigación i. espacios no convencionales j. exploración de los límites del teatro.”

¹⁸ Concello de Lugo. (2017) Programación do Arde Lucus 2017 [Folleto] Recuperado de <http://www.ardelucus.com/uploads/es/2017.pdf> (consultado o 22 de febreiro de 2023).

¹⁹ Concello de Lugo (14 de marzo de 2023) *Lara Méndez anuncia que el Arde Lucus ya es Fiesta de Interés Turístico Internacional*. Recuperado de

Cada ano, o Concello publica un pequeno folleto explicativo coa programación prevista no que se inclúen as actividades a celebrar (baixo algunha denominación máis ou menos próxima ó latín coma *Comilonvm*, *Avgvres* ou *Mvnera Gladiatora*). Non aportan descrición, sinopse, ficha técnica ou artística ou outros datos que permitan ao público discriminar contidos. A práctica totalidade das actividades é gratuíta e ó aire libre en espazos das rúas e prazas da cidade, principalmente no casco histórico. A falta de información máis concreta e mellor ordenada sobre os contidos e a cantidade de xente que, como xa vimos, pasean polas rúas neses días fan que o encontro entre as actividades e o seu público termine sendo máis froito da casualidade que dun desexo activo por parte dos participantes. As condicións de representación, mostrando na rúa, en non poucas ocasións, espectáculos con formato de sala que requiren de atención continuada para conectar coa dramaturxia fai que a experiencia non termine de ser satisfactoria nin para os profesionais nin para o público circundante²⁰.

Aquilo que, na orixe, foi unha base ideolóxica do Arde Lucus: usar a contorna histórica da cidade como escenografía e sacar a xente á rúa, comeza a dar sinais de desgaste vinculados co propio éxito da festa. O inmenso número de persoas que enchen o espazo público e o bulicio asociado provocan que un visitante con interese polas Artes Vivas poda atoparse ante a imposibilidade, física ou loxística, de participar nelas e termine vivindo a festa como unha simple bacanal de bebida e comida, na que se disfrazan e, se teñen sorte, atópanse con algunha actuación.

2.3 Desconexión do Arde Lucus das Artes Vivas romanas e castrexas.

A relación da poboación do Imperio Romano co teatro foi mudando ao longo do tempo desde a helenofilia dos primeiros tempos ata a case desaparición desta arte coa chegada do Medievo. As traxedias, que foran características e definitorias da Grecia clásica, deixaron pouco a pouco paso a comedias banais e ata groseiras que eran preferidas polo público do Imperio. Aínda así, os teatros -edificios- eran parte fundamental da cidade e foi na Roma clásica onde apareceu por primeira vez a figura do empresario teatral, dono de escravos-actores ou xefe de libertos-actores, sempre homes, aos que encargaba espectáculos para vender entradas ao público (González-Vázquez, 2001). As obras trágicas, cando as había (coma en Séneca, autor hispano do século I d.C., cuxa obra non sería inverosímil pensar que chegase a Lucus Augusti nalgún momento), escribíanse para ser lidas en alto máis que representadas, xa que combinaban na súa composición elementos narrativos con elementos teatrais (de acción) a xeito de didascalias (Vizzotti, 2007). O pobo acudía máis ben a espectáculos de alto contido cómico e sexual que, salvando as distancias, poderíamos identificar co cabaret ou a revista do século XX e que coñecemos, principalmente, polas críticas morais dos primeiros intelectuais do cristianismo coma Tertuliano ou Agustín de Hipona (Rodríguez Gervás, 2009). Nada especialmente intelectual, polo tanto.

<https://concellodelugo.gal/es/noticias/lara-mendez-anuncia-que-el-arde-lucus-ya-es-fiesta-de-interes-turistico-internacional> (Consultado o 16 de marzo de 2023)

²⁰ Ver Anexo 4: Entrevista Lola Fernandez; e Anexo 1: Entrevista a Tareixa Campo

Algunha das disciplinas escénicas máis populares no Imperio eran a danza e o mimo, unha resposta romana ás necesidades específicas do seu público, que non eran moi diferentes das do público contemporáneo do Arde Lucus. O teatro de rúa, distinto da animación, é un xénero en si mesmo que ten unha serie de características específicas definidas polo feito de estar no espazo público (dramaturxia lixeira e maior carga estética visual, posibilidade de conectar e desconectar do público en calquera momento do espectáculo, etc.). Nas festas romanas tiñan os mesmos problemas para facer teatro na vía pública que podemos identificar hoxe en día: demasiada xente, falta de atención, mala sonoridade, estado de ebriedade de parte do público, etc. Como resposta técnica a este problema apareceu o mimo (do grego *mímese*, imitación da realidade), un actor individual e silente, sen máscara, que presentaba pequenas escenas independentes coa capacidade expresiva do seu corpo (Vizzoletti, 2007). Do mesmo xeito, a danza, especialmente as danzas orientais coma a do ventre, ocupaba un lugar destacado entre os gustos teatrais da poboación romana do comezo da nosa era. Xa en datas máis tardías, a pantomima tivo tamén gran relevancia. En calquera caso, podemos observar como a profesionalización das Artes Escénicas na Roma imperial e a consecuente necesidade de vender billetes supuxo unha serie de adaptacións en canto a xéneros, técnicas e tecnoloxías das que podemos aprender hoxe en día.

Por outra banda, aínda que a *Pax Romana* sentou as bases do que hoxe chamamos cultura occidental borrando da historia outras realidades previas ou paralelas (bárbaras, para eles), non podemos deixar de lado que a palabra “teatro²¹” engloba unha idea das artes escénicas herdada da tradición ditirámica grega, evolucionada posteriormente na estrutura que Aristóteles fixou na súa poética. Tal como apunta Barba (2020), “Theatre is intolerable if it limits itself to spectacle alone”²². A nosa occidentalidade non debe ser óbice para recoñecer, neste século XXI, que *outras teatralidades* existían e existen no mundo antes e despois. A poboación céltica previa á *Gallaecia* romana sen dúbida tiña as súas formas de representación, xa que todas as culturas do mundo a teñen, aínda que non lles chamemos teatro por non encaixar nos parámetros grecolatinos.

²¹ Tal como indica o Diccionario de la Real Academia Española, o concepto romano de *theatrum* (lugar de representación, edificio) deriva do grego *theastai* (eu miro). Vemos como xorde aquí a separación entre un actuante e un público en corpos diferenciados que non existía nas festas ditirámicas anteriores ou noutros contextos antropolóxicos.

²² O teatro é intolerable se se limita ao espectáculo (tradución propia).

3. Proposta de intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus

Extraemos da análise anterior tres claves sobres as que construír a Proposta de intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus que aquí nos ocupa:

- En primeiro lugar, a extensa oferta laboral dispoñible en Galicia de profesionais das Artes Escénicas, especialmente entre a mocidade e as mulleres (e a oportunidade de promover a súa empregabilidade).
- En segundo lugar, a mistura de espectáculos de animación rueira e de teatro de rúa na programación do Arde Lucus (e a oportunidade de contribuír á ordenación dos fluxos de visitantes).
- Por último, a escaseza de contidos historicamente acaídos á oferta teatral romana (e a oportunidade de sumar á festa un elemento básico da cidade romana -o teatro como edificio- co que non conta aínda).

Se o Arde Lucus quere seguir medrando e mantendo a forte identificación da poboación local deberá, na nosa opinión, diversificar e ampliar a súa oferta atendendo ó seu lado máis cultural e ás características da sociedade global postpandémica. O contrario sería camiñar cara ó que poderíamos denominar morrer de éxito: a capacidade dunha cidade de mediano tamaño para xestionar en termos de fluxos, aloxamento, limpeza e seguridade unha poboación temporal que camiña cara multiplicar por dez á estable é moi limitada e comeza a amosar signos de cansazo entre a poboación local allea ós beneficios económicos directos²³.

3.1 Obxectivos

Xeral:

- Realizar unha proposta de intervención en Artes Vivas para complementar a festa *Arde Lucus* desde as Artes Vivas profesionais;

Específicos:

- Contribuír á empregabilidade dos actores/actrices e outros profesionais escénicos da cidade de Lugo e de Galicia;
- Mellorar a experiencia dos profesionais escénicos e do público participante mediante a discriminación de contidos de animación rueira e de teatro.
- Incorporar ó Arde Lucus elementos que contribúan ó coñecemento das Artes Vivas romanas e castrexas.
- Favorecer a sustentabilidade social, ecolóxica e económica do Arde Lucus.

²³ Sen negar a implicación da poboación e o arraigo da festa na cidade, varias novas ó longo dos anos amosan queixas sobre a sobrepoboación do centro da cidade neses días tanto pola vía da incomodidade de participar nas actividades coma pola vía do abandono doutras zonas da cidade no que respecta ao Arde Lucus. Así, por exemplo, en Carreira, X. (19 de xullo de 2018) *Quejas al Concello porque el Arde Lucus excluye a la zona de A Milagrosa y el Camiño Real* https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2018/07/19/quejas-concello-arde-lucus-excluye-zona-milagrosa-camino-real/0003_201807L19C6993.htm (Consultado o 17 de marzo de 2023) ou en Redacción (13 de xuño de 2022) *Indignación en las redes por el escaso aforo del concierto de Tanxugueiras en Lugo*. El Progreso. https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/indignacion-redes-escaso-aforo-concierto-tanxugueiras-lugo/202206131442451583499.html?fbclid=IwAR26lftLJuiwqqaWzFiM2GIsZ03YeWdWpX9L2L8HSPka_L320nqEzr3l6zY (Consultado o 17 de marzo de 2023).

3.2 Intervención

O circo, o foro ou as termas, son algúns dos elementos da cidade romana que o Arde Lucus rescata e incorpora, xa sexa por contar con restos históricos ou por recreación historiográfica. Pola contra, se ben o teatro (lembramos, en latín esta palabra referíase ó edificio) foi parte imprescindible do modelo de cidade ideal romana desde a promulgación da *Lex Roscia Theatralis* do ano 67 a.C. (Rodríguez Giménez, 2001), en *Lucus Augusti*, fundada no século posterior, son varias as controversias históricas sobre se chegou ou non a existir. Os máis optimistas rescatan que certos restos arqueolóxicos aparecidos na Praza Maior de Lugo²⁴ confirmarían unha tese do século XVI que apuntaba cara esa localización:

“En la plaza Mayor, que llaman de las Cortiñas de San Roman, ai un promontorio de gujarros hermanados con argamasa, y de la misma fortaleza, que los de la fuente del castiñeiro, y Baño; muchos se persuaden, fue artificio de los Romanos, para cerrar la entrada de las minas, y abrirla quando importase (...). Llegarase a creer es ruina, y vestigio de Amphiteatro, si en las Ciudades mas nobles de España los huvo de guijas, y fuerte argamasa de arena, y en cerco con sus asientos, o Teatro de piedra. Pero por corto su circuito no lo juzgo planta de Amphiteatro, según las estampas de los que usaron los Romanos.”²⁵

Se ben non podemos confirmar a existencia dun teatro estable na cidade, si podemos seguir a Fernández Vizcaíno (2001) cando nos lembra que “al principio las exhibiciones teatrales tenían lugar en el circo, en los foros y delante de los templos en honor de cuyos dioses se daba la fiesta, esto es, en escenarios temporales de madera” e que, polo tanto, é posible que, a pesar da súa importancia xeopolítica, Lucus Augusti non chegase a contar cun teatro de pedra, do que por outra banda non hai evidencias documentais.

Si hai evidencias, pola contra, da celebración de espectáculos (ou xogos, *ludi*) na cidade tanto a través de documentación (denunciando, no século V, a inmoralidade dos espectáculos) coma polo achado arqueolóxico de diversas máscaras teatrais datadas arredor do século I d.C., unha delas amosada na portada deste TFM.

Polos motivos expostos, propoñemos a implementación dun espazo teatral estable durante a festa do Arde Lucus que:

- a) incorpore á recreación histórica un elemento definitorio da cidade romana: o teatro como espazo público;
- b) contribúa ó mellor coñecemento da cidadanía das características das Artes vivas romanas e castrexas;
- c) incorpore novas áreas activas da cidade durante o Arde Lucus.

²⁴ G. Souto (13 de novembro de 2016) *Las obras en la Praza Maior avivan el interés por encontrar el teatro Romano*. La Voz de Galicia (Consultado o 28 de maio de 2023) https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2016/11/13/obras-praza-maior-avivan-interes-encontrar-teatro-romano/0003_201611L13C1997.htm

²⁵ Benito Antonio Frayz (imprensa) *Argos Divina* (1700) Santiago de Compostela

3.2.1 Teatro *Ludi et pompa*. Descripción

Ludi et Pompa (≈Xogo e solemnidade) recupera do latín, en liña co resto da programación do Arde Lucus, as dúas actitudes que os romanos manifestaban para ir ó teatro: xogo en canto divertimento -con estimable participación do público- e solemnidade en canto a que as funcións estaban asociadas a celebracións dos deuses e ritualidade relixiosa (Fernandez Vizcaíno, 2001). Este é, polo tanto, o nome elixido para esta proposta en Artes Vivas que resume e actualiza ambos conceptos.

Durante os días de celebración do Arde Lucus, habilitarase un espazo na cidade dedicado ás Artes Vivas romanas e castrexas, separando estas das animacións de rúa, con programacións diferenciadas por idades, vontade pedagóxica sobre a importancia do teatro arredor do século I e recuperación dos estilos, xéneros e textos máis destacados da época.

O espazo finalmente elixido deberá contar, ó menos, coas seguintes características morfolóxicas:

- Un posible **espazo escénico** (non necesariamente un escenario como tal, xa que este pode ser desmontable) amplo e suficiente para representacións, separado da rúa visual e acusticamente;
- Un espazo cuberto aberto ao público (recibidor amplo, sala diáfana ou semellante) para albergar o despacho de billetes, información sobre programación e unha **exposición** de paneis pedagóxicos.
- Un espazo amplo pechado e baixo teito que sirva como apoio loxístico (**camaríns** e almacéns) para todos os artistas participantes en espectáculos e animacións dentro e fora do teatro;

O espazo escénico habilitarase como teatro utilizando equipamento de luces e son e cadeiras móbiles que permitan a adaptabilidade fluída do espazo para diversos espectáculos ao longo da fin de semana. Tendo en conta os límites legais e de seguridade actuais, procurará ser, en si mesmo, un elemento o máis fiel posible historicamente aos escenarios desmontables romanos antes citados.

Xunto ó despacho de billetes, unha exposición pedagóxica serve ó público como elemento unificador e contextualizador da experiencia teatral posterior. Así, habilitaranse unha serie de paneis autosustentables con materiais gráficos autoadhesivos cos contidos mínimos expresados na gráfica 1: Paneis exposición.

Por último, o espazo cuberto, asignado a camaríns e almacén, ven cubrir unha necesidade loxística manifestada polos profesionais implicados en edicións anteriores. A carencia dun espazo seguro, limpo e amplo onde poder vestirse, maquillarse, usar os sanitarios, beber auga ou descansar entre funcións. É por esa razón que, a pesares de que *Ludi et pompa* propón separar, cara ó público, os espectáculos de rúa dos de sala, este espazo estaría dedicado a todos os profesionais activos que o precisen, independentemente do espazo no que se presenten. Polo exposto, é conveniente que incorpore armarios con chave e teña un tamaño suficiente para acoller máis artistas dos que estritamente participan deste teatro.

PANEIS EXPOSICIÓN	
Panel 1: O teatro en Roma	Liña temporal que superpón as etapas por todos coñecidas da Antiga Roma (Monarquía, República, Imperio) coa evolución das Artes Vivas desde as orixes gregas ata o rexeitamento teatral co asentamento do cristianismo.
Panel 2: Socioloxía do teatro romano	Importancia das Artes Vivas na sociedade da Antiga Roma, aparición dos profesionais das Artes Escénicas.
Panel 3: O teatro en Lucus Augusti	O edificio teatral como elemento definitorio da cidade romana e teorías sobre a súa existencia en Lucus Augusti.
Panel 4: Teatralidades castrexas e prerromanas.	Aproximación antropolóxica á posibilidade das Artes Escénicas nos pobos bárbaros e proceso de asimilación e sincretismo.
Panel 5: Plauto e Terencio	Breve descrición biográfica e de produción textual dos dous autores máis coñecidos do teatro popular romano.
Panel 6: Séneca e a traxedia	Breve descrición biográfica do filósofo cordobés, como autor destacado na Hispania, e aproximación á polémica sobre se esas traxedias son ou non teatrais.
Panel 7: Xéneros e estilos	Repaso dos xéneros e estilos máis populares na Antiga Roma: danza, mimo, pantomima, citarodia, farsa atelana.
Panel 8: O público romano	Comportamento e expectativas do público teatral na Antiga Roma.

Gráfica 1: Paneis exposición

3.2.2 Propostas espaciais

Dado que non existe evidencia dun teatro romano como edificio en Lucus Augusti, é facilmente xustificable que este proxecto non estea asociado a un espazo ou área en particular e poder mudar a súa localización dependendo, en cada ano, de necesidades específicas, resposta do público, orzamento, etc. O importante neste caso non sería tanto a súa localización senón máis ben o feito de introducir na programación do Arde Lucus un espazo efémero dedicado ó teatro.

En calquera caso, e tendo sempre en conta que a produción na praxe dun evento destas características debe responder a moitos condicionantes, propoñemos aquí unha aproximación a posibles localizacións para os primeiros anos de celebración que, se ven poderían non resultar finalmente posibles nunha fase máis adiantada da produción, serven para exemplificar o funcionamento e necesidades de *Ludi et pompa* en tres escalas distintas.

A) Círculo de las Artes
Praza Maior, 23

Dadas a localización desta institución, en plena Praza Maior e con restos arqueolóxicos romanos dentro das súas instalacións, e os seus obxectivos estatutarios de promocionar “*el desarrollo de la cultura, las artes y el deporte en sus más amplios aspectos, posibilitando además una gran labor educativa*”²⁶, o Círculo das Artes aparece como un adecuado emprazamento para unha versión inicial de *Ludi et Pompa* na que aínda non participen grandes cantidades de artistas ou público.

Se ben ten capacidade para recibir aos catro mil socios e as súas familias, neste caso non é o edificio senón a contorna a que podería resultar problemática en caso dunha afluencia masiva de público dado que se localiza fronte ao Campamento romano principal.

O edificio conta cunha sala de festas / espazo escénico cun pequeno escenario con programación regular, polo tanto ten a vantaxe de ser un espazo que a cidade xa recoñece como escénico. Como contra, a súa estética xeral, propia da segunda metade do século XIX, podería resultar un escollo para a súa intervención.

B) Explanada do Seminario Menor
Avda. Alcalde Anxo López Pérez

Outro espazo habitual no que a cidade soe acudir a concertos e similares en festas coma o San Froilán. Trátase dun espazo pechado ao aire libre, utilizado durante o ano como aparcadoiro. Dada a súa localización na parte posterior dun edificio municipal, o seu uso suporía a habilitación dos camaríns nun espazo habilitado polo propio Concello nas súas Oficinas de Atención Cidadá.

Do mesmo xeito, a súa localización no centro do triángulo formado entre O vello Cárcere, o Parque de Rosalía de Castro e a Praza Maior, resulta particularmente acaída para ampliar os espazos de circulación da cidadanía sen afastarse das zonas habituais do Arde Lucus.

Como contras, a utilización habitual deste espazo e a súa falta de identidade arquitectónica (é percibida coma o aparcadoiro que é) podería requirir maiores esforzos de ambientación.

C) Estación de autobuses
Praza da Constitución

A estrutura arquitectónica da Estación de Autobuses de Lugo atópase nun momento de reavaliación do seu uso. A construción da Estación Intermodal que se espera estea en funcionamento a mediados de 2025 noutra punta da cidade deixa o seu servizo *in albis*. A idea de derrube inicial para facer unha praza está dando paso á procura de novos usos para o mantemento do edificio²⁷.

²⁶ Círculo de las Artes Lugo. *El Círculo*. Recuperado de <https://www.circulodelasartes.org/web/es/breve-historia-1855-2005/> (consultado o 30 de abril de 2023)

²⁷ García Calvo, L. (17 de marzo de 2023) *La estación de autobuses de Lugo se rehabilitará: una parte para intercambiador y otra para instalaciones sociales o económicas*.

As características arquitectónicas do edificio, cun gran patio (as dársenas) semipechado e semicuberto, farían unha localización ideal para unha versión de *Ludi et Pompa* con maior capacidade. Ademais, a súa localización xunto a varios elementos urbanos xa activos durante a festa (Vello Cárcere, Praza do Campo, Praza da Constitución, A Mosqueira...) fai que sexa unha ampliación xeográfica orgánica do xa existente.

Evidentemente, a utilización deste espazo dependería do seu previo abandono total ou parcial como estación de autobuses, e este, á súa vez, depende da finalización das obras de construción da nova Estación Intermodal. Unha vez cumprido este requisito, a transformación temporal deste espazo en *Ludi e Pompa* podería contribuír, cunha mínima intervención, a imaxinar novos usos e beneficios de ese espazo gañado para a cidade como centro de lecer e cultura²⁸.

3.2.3 Programación

A dinámica da programación organízase a modo de sesión continua na que os espectáculos, de pequena duración e formato, sucédense na escena dentro de tres bloques de contido diferenciados. O público pode acceder, co seu boleto, a unha hora da experiencia teatral romana. Do mesmo xeito que no cabaret ou na revista, este modo de presentación permite aumentar o número de pases diarios de cada artista e a duplicidade ou substitución en caso de necesidades de programación. Para cada un dos bloques, un mestre/a de cerimonias serve de elemento unificador e introdutor dos contidos.

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2023/03/17/estacion-autobuses-centro-rehabilitara-par-te-intercambiador-equipamiento/00031679056781306899378.htm> (Consultado o 18 de marzo de 2023)

²⁸ García Calvo, L. (17 de marzo de 2023) *La Xunta proyecta mantener en pie la estación de autobuses de Lugo.* https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2023/03/17/xunta-proyecta-mantener-pie-estacion-autobuses/0003_202303L17C1993.htm (Consultado o 18 de marzo de 2023)

ESTRUTURA PROGRAMACIÓN			
	Día 1 - Venres	Día 2 - Sábado	Día 3 - Domingo
Horario de mañá	POMPA ET SAPIENCIA: Inauguración exposición sobre o teatro romano	LUDOS PUERI: Artes Vivas dirixidas ao público infantil e familiar	LUDOS PUERI: Artes Vivas dirixidas ao público infantil e familiar
Horario de tarde	POMPA ET SAPIENCIA: Ritual de apertura de portas en honor a Dionisio-Baco	POMPA ET SAPIENCIA: Charlas e conferencias sobre as Artes Vivas romanas e castrexas	POMPA ET SAPIENCIA: Charlas e conferencias sobre as Artes Vivas romanas e castrexas
Horario de Noite	SENIOR LUDOS: Artes vivas dirixidas a público >18 anos: danza do ventre, pantomima, pezas curtas ou escenas de obras romanas, etc.	SENIOR LUDOS: Artes vivas dirixidas a público >18 anos: danza do ventre, pantomima, pezas curtas ou escenas de obras romanas, etc.	

Gráfica 2: Estrutura programación

3.2.4 Perspectiva de xénero

Tal como adiantábamnos ao repasar as condicións laborais dos artistas escénicos galegos no segundo apartado deste TFM, a cuestión de xénero ten unha importancia particular na área que nos ocupa. As actrices teñen peores perspectivas laborais e salariais, ao que hai que sumar a habitual escaseza de personaxes femininas. Un informe de AISGE (2017), *Análisis de igualdad del mercado audiovisual español*, apuntaba a que as personaxes dispoñibles para actrices profesionais eran menos do 38% en cine e do 44% en televisión. Sen aportar datos do ámbito estritamente teatral, cifras semellantes son esperables. Polo tanto, unha visión que favoreza o emprego feminino e a igualdade de oportunidades amósase imprescindible para este proxecto.

Algunhas das accións posibles, sen perxuízo de calquera outra que podan propor expertos e institucións, son:

- proclamar a igualdade de xénero como un obxectivo estatutario e deseñar os órganos de poder interno de xeito consecuente;
- promover o proxecto entre colectivos de mulleres artistas e semellantes;
- garantir a paridade nos equipos de traballo dos diversos espectáculos;
- crear un comité interno de igualdade que garanta a diversidade na representación dos contidos

Do mesmo xeito, consideramos que *Ludi et pompa* sería un espazo ideal para aloxar un Punto Violeta, mesas establecidas pola Cruz Vermella para brindar información e asistencia a vítimas de agresións sexuais en festas e eventos semellantes. Trátase dun espazo amplo, ben localizado en calquera caso, e a pé de rúa pero fóra do circuíto hostaleiro que pode contribuir á “labor de sensibilización, ofrecendo información e asesoramento á poboación en

xeral sobre violencias sexistas, e sobre o funcionamentos dos propios puntos violeta. Ademais, estes espazos [serven] como punto seguro ao que acudir en caso de agresión sexista” (Cruz Vermella, 2019)²⁹

Ademais, a aproximación na programación de *Ludi et pompa* aos xéneros teatrais tradicionais romanos deberá pasar, en fidelidade histórica, por temas e estéticas de marcado carácter erótico e sexual. Consideramos que os espectáculos programados deben ter perspectiva de xénero desde a súa concepción, no só na creación igualitaria dos equipos senón tamén dos contidos. É por iso que cremos que un comité de igualdade sería unha forma de autoxestión por parte dos participantes respectuosa coa independencia creativa.

3.2.5 Proposta de estrutura legal

Para garantir o éxito do evento e favorecer a participación activa de actores, actrices e demais artistas escénicos, propoñemos a creación dunha asociación cultural sen ánimo de lucro³⁰ que permita diferenciar os traballos profesionais dos das outras asociacións do Arde Lucus e, ó mesmo tempo, se incorpore como un axente máis en igualdade de condicións co resto de asociacións participantes na festa.

Os Estatutos desta asociación deberán recoller os obxectivos de xerar e xestionar un espazo teatral efémero para o Arde Lucus que impulse ós artistas escénicos galegos, en igualdade de oportunidades. Poderá integrar tanto a individuos particulares coma a persoas xurídicas (compañías teatrais, outras asociacións, etc.). Esta estrutura común permitiría acceder a fondos públicos a nivel municipal, rexional, nacional e europeo e recibir contratos co Concello de Lugo do xeito que xa veñen traballando coas asociacións de recreación histórica.

Idealmente, esta asociación debería estar constituída un ano antes da primeira edición do *Ludi et pompa* para garantir a autonomía dos profesionais e o respecto ós tempos de produción e creatividade dos contidos finais.

A creación dunha asociación coma esta permitiría que os profesionais escénicos de Lugo e de Galicia puideran ter unha maior influencia nos contidos do Arde Lucus e nas súas condicións laborais, ademais de contar cunha ferramenta organizada de auto emprego e promoción profesional. Esta estrutura permite que cada creador sexa dono do seu espectáculo e libre de explotalo de forma independente fóra de *Ludi et pompa*.

Por outro lado, dado o carácter efémero de *Ludi et Pompa*, pensar nunha estrutura empresarial (S.L. ou similar) estable sería unha complicación loxística e afastaría o poder de decisión dos creadores para depositalo nos inversores. O modelo de asociación permite

²⁹ Cruz Vermella (xullo de 2019) *Puntos Violeta no Arde Lucus* <https://www.cruzroja.es/principal/gl/web/provincial-lugo/2019-puntos-violeta-arde-lucus> (Consultado o 22 de maio de 2023)

³⁰ “Las asociaciones son entidades sin ánimo de lucro que se constituyen mediante acuerdo de tres o más personas físicas o jurídicas legalmente constituidas, que se comprometen a poner en común conocimientos, medios y actividades para alcanzar unos fines lícitos de interés general o particular. El acuerdo de constitución, que incluirá la aprobación de los estatutos, deberá formalizarse mediante acta fundacional, en documento público o privado.” *Guía de las asociaciones (2ª ed.)* Ministerio del Interior. Secretaría General Técnica. 2017.

unha maior flexibilidade para favorecer a diversidade de membros e dedicar recursos á formación respecto dos contidos romanos e antigos e ó coidado das condicións laborais das e dos artistas sen ter que responder ante a necesidade dun eventual beneficio económico.

En definitiva, a constitución dunha asociación cultural sen ánimo de lucro para a participación dos profesionais escénicos pode ser unha estratexia beneficiosa para potenciar a súa presenza na festa, fortalecer a súa imaxe colectiva, facilitar a coordinación e non competencia e acceder a recursos e oportunidades. Aínda que supón certos custos, estes poden ser cubertos inicialmente por unha cota dos membros e posteriormente complementados por axudas, subvencións e patrocinios. Unha vez celebrada a primeira edición, engadíranse a este ingresos os do despacho de billetes. En última instancia, a asociación ofrece unha plataforma sólida autoxestionada para o fomento do autoemprego e a promoción dos artistas locais.

3.2.6 Comunicación.

Dadas as características antes expostas do proxecto, presentamos aquí unha proposta de plan de comunicación en dúas etapas claramente diferenciadas: unha primeira de socialización do proxecto na procura de participantes profesionais e unha segunda de lanzamento de *Ludi et pompa* durante unha edición do Arde Lucus.

Eta 1: Dirixida a posibles membros da asociación.

A creación dunha plataforma destas características, sumado á diáspora dos artistas escénicos que viamos ao comezo deste traballo (2.1 *Profesionalización e falta de oportunidades laborais do/a artista escénico galego/a*), adiantan a necesidade dunha estratexia de comunicación desde Lugo pero para toda Galicia e extensa no tempo.

Obxectivos:

- Informar e atraer a posibles actores, actrices, compañías teatrais e outros profesionais escénicos que estean interesados en participar no proxecto *Ludi et pompa*.
- Xerar conciencia sobre as oportunidades de participación, os beneficios do proxecto.
- Establecer unha rede de colaboradores.
- Achegar o proxecto ao público especializado.

Estratexias de comunicación:

- Creación dunha imaxe gráfica corporativa do proxecto e xeración de materiais promocionais (logo, libro de estilo, imaxes promocionais, panfletos en pdf, etc).
- Chamado á participación a través un correo-e que inclúa un *dossier* resaltando os detalles do proxecto, os requisitos e os beneficios dos/as participantes.
- Creación de perfís do proxecto en redes sociais e creación dunha rede de coñecemento mutuo coas contas do sector e área xeográfica.
- Contacto con medios especializados e de nicho (Erregueté, Revista Galega de Teatro, etc.).
- Contacto directo con outras asociacións profesionais galegas (Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, etc.).
- Organización de reunións informativas e participación en eventos do sector (Feiras, Festivais, Cultural, etc.).

Etapa 2: Dirixida á poboación local e visitante durante o Arde Lucus.

Obxectivos:

- Promover e difundir o proxecto *Ludi et pompa* entre a poboación presente na cidade durante o Arde Lucus.
- Vender entradas para *Ludi et pompa*.
- Crear conciencia sobre a importancia das Artes Escénicas no mundo antigo e, por extensión, no contemporáneo.

Estratexias de comunicación:

- Crear unha alianza con medios de comunicación locais (El Progreso, Cadena Ser Lugo, Radio Voz Lugo, etc.) para difundir novas e anuncios de programación.
- Organizar entrevistas e colaboracións con xornalistas independentes locais (podcasts, blogs, etc.).
- Establecer unha alianza co Concello de Lugo para o uso promocional das contas en redes sociais e da web oficial do Arde Lucus.
- Organizar accións publicitarias interactivas en redes sociais para incentivar o interese do público.
- Crear un *hashtag* oficial do evento (#ludietpompa) para organizar a información en liña e favorecer o *SEO*.
- Crear panfletos coa programación e distribuílos pola rúa nos días do evento.
- Distribuír invitacións individualizadas a personalidades e *influenciadores* locais.
- Crear e instalar sinalética urbana provisional que favoreza o fluxo e interese do público nas rúas circundantes.

Todas as estratexias de comunicación expresadas, en calquera das dúas etapas, requiren un seguimento e avaliación constante que permita medir a súa efectividade e re dirixir os esforzos. Nunha primeira etapa, recompilar datos sobre os intereses e comentarios dos profesionais para incorporalos no proceso de creación da asociación e nunha segunda etapa, máis alá do dato duro de venda de entradas, analizar os resultados en termos de imaxe pública e reputación.

3.2.7 Viabilidade económica

a) Financiamento

Analizamos a continuación algunhas das vías de financiamento posibles para que un proxecto coma *Ludi et pompa* resulte viable. Se ben sempre a situación ideal é dispoñer dun orzamento cómodo para potenciar a creación e a calidade do servizo, presentamos unha variedade de opcións, sabendo que non todas prosperarían pero, igualmente, o proxecto podería botar a a andar.

Financiamento público:

- Nivel local: Establecer contactos con Concello de Lugo e Deputación de Lugo para a) integrar o proxecto en programas de autoemprego e emprego feminino (Ben empregado e similares);

- b) solicitar espazos de traballo para pór en marcha a asociación como apoio en especias;
 - c) solicitar asesoramento e acompañamento legal;
 - d) solicitar axudas e subvencións;
 - e) contratar co Concello actividades no marco do orzamento do Arde Lucus.
- Nivel rexional:
 - a) Xunta de Galicia. Procedemento CT211B - Subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais. Contía: Ata 30.000€
 - b) Xunta de Galicia. Procedemento CT215A - Subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado. Contía: Ata 30.000€
 - c) Explorar a posibilidade dun acordo *ad hoc* coa Xunta de Galicia dentro dos programas de promoción do emprego, emigrantes retornados e igualdade.
 - Nivel estatal:
 - a) Gobierno de España - Ministerio de Cultura y Deporte. *Ayudas para la acción y promoción cultural*. Apertura: semestral. Contía: Ata un 80% do proxecto.
 - Nivel Europeo:
 - a) Explorar vías de colaboración con asociacións semellantes italianas e dos países celtas para converter o proxecto en internacional a través dos *European Cooperation Projects*³¹. Apertura: anual. Contía: Ata 200.000€ e un 80% do proxecto.

Financiamento privado:

- a) Cotas mensuais dos socios.
- b) Micromecenado. Pequenas achegas do público potencial a cambio de recompensas coma billetes para o espectáculo, material promocional, etc.
- c) Patrocinios. Pódense explorar dúas vías: un patrocinio único do proxecto dunha marca de mediano/gran tamaño con interese na Responsabilidade Social Corporativa ou un patrocinio múltiple con diversas empresas locais e rexionais.
- d) Troco con empresas (publicidade a cambio de material, por exemplo).
- e) Venda de material promocional (camisolas, faltriqueiras, boinas, etc.).
- f) Venda de billetes.

Financiamento mixto:

- a) Establecer alianzas con Fundacións e ONG's de ámbito autonómico tanto en especias (cesión de espazos para reunións informativas, inclusión nos seus boletíns de novas, etc.) coma en cartos e forza produtiva.
- b) Explorar opcións de triangulación público-privada (por exemplo, un empresario pon cartos no proxecto a cambio de que o Concello lle ceda un espazo).

³¹ Consello de Europa (1 de febreiro de 2022) European Cooperation projects Small Scale. Topic ID: CREA-CULT-2022-COOP-1 recuperado de: <https://acortar.link/3BnxQe> (Consultado o 20 de maio de 2023).

b) Orzamento

Sendo conscientes do prematuro deste exercicio e reservando a necesidade de elaborar un novo e definitivo orzamento unha vez establecidos polos membros da asociación os seus contidos e prazos, propoñemos aquí un exercicio de primeira aproximación orzamentaria:

PRIMEIRA ETAPA: Constitución da asociación.		
Concepto	Mínimo (€)	Máximo (€)
Dietas e traslados	0	2000
Deseño gráfico e de materiais do proxecto	2000	3000
Imprenta	350	500
Honorarios avogado/a	500	1200
Taxas	58,36	58,36
Imprevistos (15%)	436,254	1013,754
TOTAL C. ASOCIACIÓN	3344,614	7772,114

Gráfica 3: Primeira etapa: constitución da asociación.

SEGUNDA ETAPA: Ludi et pompa (Arde Lucus)		
Concepto	Mínimo (€)	Máximo (€)
Ambientación e mobiliario	4000	8000
Escenario temporal	2000	4000
Equipo luces e reforzo eléctrico	3000	3500
Equipo de son	600	700
Comisariado e deseño exposición	500	1500
Producción exposición	1000	3000
Creación App e web	1500	4000
Comunicación e RR.PP.	3000	5000
Publicidade e difusión	2000	3000
Deseño gráfico	2000	3000
Plan de protección e seguridade	600	1200
Limpeza e mantemento	750	1000
Forza laboral produción	10200	16800
Gastos correntes (teléfono, gasolina, luz, limpeza local, etc)	860	4000
Imprevistos (15%)	4801,5	8805
TOTAL LUDI ET POMPA	36811,5	67505
TOTAL Proposta de intervención:		75277,114

Gráfica 4: Segunda etapa: Ludi et pompa (Arde Lucus)

c) Conclusións económicas

Analizadas posibles vías de financiamento e custos dunha primeira edición, consideramos que a realización desta Proposta de Intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus é viable economicamente. Mediante as vías estudadas, un orzamento na contorna dos 75.000€ podería ser cuberto antes de abrir as portas e permitiría dedicar os ingresos do despacho de billetes a repartir entre os artistas participantes e manter a estrutura da asociación viva durante todo o ano con actividades de formación dos socios, axudas á creación dos espectáculos, etc.

3.2.8 Avaliación xeral

Tal como afirman Rodríguez, Sánchez y Sánchez (2016) “En el diseño de estos eventos [culturales y turísticos] resulta imprescindible tener en cuenta las características y necesidades del público al que van dirigidos para conseguir que la experiencia final del turista sea satisfactoria.” Se ben non terminamos de compartir a idea de que os participantes no Arde Lucus sexan turistas, no xeito en que o somos cando visitamos un monumento histórico, senón máis ben, participantes, si rescatamos a idea de que o deseño dun proxecto semellante require de ferramentas de avaliación.

Calquera proxecto cultural con vontade de permanecer no tempo debe contar cun proceso definido de avaliación que permita medir a súa efectividade, identificar fallos e áreas de mellora e poder implantar cambios na boa dirección. Para *Ludi et pompa* propoñemos o deseño dunha ferramenta de avaliación que combine datos cualitativos e cuantitativos. Esta ferramenta permitirá obter unha visión integral do proxecto tanto polo lado dos creadores/as participantes coma do público xeral.

Obxectivos de avaliación:

- Medir o grao de satisfacción e participación dos profesionais escénicos asociados.
- Avaliar a resposta e interese do público durante as representacións e exposición.
- Identificar fortalezas e áreas de mellora do proxecto.
- Recompilar datos para tomar decisións informadas sobre o futuro do proxecto.

Indicadores de avaliación:

“Os indicadores de avaliación son os instrumentos que permiten comprobar empiricamente e con certa obxectividade a progresión cara as metas propostas. Se carecemos deles, toda avaliación sería que nos propoñamos será case inútil, ou pouco viable.” (Ander-Egg, 2005). Seleccionamos os seguintes como posibles indicadores para este proxecto, en liña cos obxectivos anteriormente expresados:

- Nivel de satisfacción dos artistas participantes.
- Nivel de participación do público (canto tempo pasa cada individuo dentro, canta xente hai dentro en cada momento, que tamaño teñen os grupos visitantes).
- Calidade artística e técnica dos contidos (avaliación profesional e do público).
- Opinións e comentarios xerais sobre o proxecto, o seu impacto na cidade e a súa contribución á cultura local e á empregabilidade dos profesionais escénicos.

Metodoloxía de avaliación:

Datos cualitativos

Entrevistas individuais e grupais: entrevistas semiestruturadas con artistas participantes e membros do público seleccionados ó azar.

Observación participante: solicitar ós artistas participantes asistir ás presentacións dos compañeiros, así como á exposición, observando e escoitando as impresións do público.

Seguimento de medios: activar un *bot* con palabras específicas que permitan monitorizar os comentarios, críticas, etc. en medios tradicionais, redes sociais, foros, etc. para identificar tendencias e opinións xerais sobre o proxecto.

Datos cuantitativos

Enquisas: deseñar un cuestionario tanto en papel como en liña que abranga diferentes aspectos do proxecto e os seus contidos (representacións, mestra/e de cerimonia, instalacións, suxestións...). Deberán incluír datos demográficos (idade, sexo, lugar de residencia...) para definir o público obxectivo do proxecto de cara a futuras edicións.

Despacho de billetes: Rexistro de venda e accesos por horarios.

Proceso de avaliación:

1. Antes do Arde Lucus. Deseño de ferramentas: enquisas e entrevistas, seleccionar e organizar observadores participantes, identificar palabras clave para seguimentos en liña.
2. Durante o Arde Lucus. Recompilación de datos: realización de enquisas e entrevistas, observación participante, activar seguimento en liña, organizar venda de billetes e control de acceso por horarios.
3. Días despois do Arde Lucus. Análise de datos: identificar patróns, tendencias, acertos e carencias.
4. Semanas despois do Arde Lucus. Presentación dos datos á asociación. Decisión informada en asemblea para definir os contidos da seguinte edición.

A ferramenta de avaliación proposta permitiría ter unha visión obxectiva, con datos cuantitativos e cualitativos, do éxito ou fracaso dos distintos elementos activos no proxecto. Para elo, seguimos a Ander-Egg (2005) cando propón que a elección de indicadores de avaliación debe responder a principios de independencia, verificabilidade, validez e accesibilidade. Deste xeito, o proxecto procura incorporar, desde a súa concepción, a súa sustentabilidade e rendibilidade. Avaliando o grao de satisfacción do público e participantes, garántese que o proxecto se axuste a necesidades e expectativas, facilitando a xestión horizontal da asociación e favorecendo un enriquecemento cultural da cidade de Lugo aliñado cos desexos e necesidades dos seus artistas e a súa cidadanía.

4. Conclusións

Esta Proposta de Intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus é unha iniciativa cultural que pretende promover a empregabilidade e prestixio social dos profesionais escénicos lugueses e galegos e ampliar o coñecemento e amor do público local polas Artes Vivas romanas e castrexas e, por extensión, polas Artes Escénicas en xeral.

Durante a realización deste proxecto, revisamos as motivacións e oportunidades para a súa creación abordando distintos aspectos incluíndo xustificación histórica e económica, formato proposto, vías de financiamento, orzamento estimativo, plan de comunicación e ferramentas de avaliación. A revisión de todos estes elementos permítenos afirmar a viabilidade do proxecto *Ludi et pompa* e o seu interese cultural e social para incorporarse de forma orgánica tanto nos eventos e actividades xa presentes no Arde Lucus coma nos procesos empresariais e sociais xa existentes.

Comezamos esta revisión cos datos do sistema universitario e das institucións observadoras e defensoras da cultura en Galicia que falan dunha mellora, nas últimas décadas e en paralelo ao nacemento e crecemento do Arde Lucus, do nivel formativo e profesionalidade dos artistas e creadores das Artes Vivas. Pola contra, eses profesionais, especialmente as mulleres, non conseguen establecerse no sistema laboral. Lugo e Galicia teñen, porén, talento en necesidade de oportunidades e recoñecemento que pode e debe ser aproveitado e impulsado.

En segundo lugar, unha aproximación á programación actual do Arde Lucus e o seu contraste co manifestado por profesionais implicados puxeron de manifesto certo desgaste do modelo de programación e contratación e, sobre todo, a dificultade do público interesado nas Artes Vivas para participar e circular de forma ordenada entre espectáculos, non existindo discriminación entre espectáculos de animación, de rúa e outros formatos.

O terceiro e último dos piares sobre os que se asenta esta proposta de intervención en Artes Vivas é a desconexión do Arde Lucus e as Artes Escénicas tal e como eran concibidas no período histórico que pretende recrear. Isto é así tanto pola carencia dun teatro como edificio, nin a nivel arqueolóxico sequera, coma pola non posta en escena de xéneros, estilos e textos máis axustados á realidade dos teatros do Imperio Romano. Non podemos esquecer tampouco que a procura dunha teatralidade castrexa sería unha interesantísima aresta de investigación escénica para a asociación aquí proposta.

Cos tres antecedentes expresados, esta proposta de intervención en Artes Vivas concrétese nun proxecto autoxestionado polos profesionais escénicos para a creación dun teatro romano efémero e os seus contidos, *Ludi et pompa*. Xa vimos que o teatro, como edificio, era, xunto con outros elementos urbanos (termas, foro, anfiteatro, etc.), un elemento básico e definitorio da cidade romana. Se ben non dispoñemos de indicios arqueolóxicos indiscutibles que localicen un teatro de pedra en Lucus Augusti, si podemos pensar que algún tipo de espazo teatral, aínda desmontable, formou parte da cotiandade da urbe. *Ludi et pompa* ven incorporar ese elemento á celebración do Arde Lucus, profundando na relación e coñecemento da cidadanía actual de Lugo do seu pasado romano.

Nesta proposta conflúen os obxectivos de potenciar a empregabilidade dos artistas lugueses e galegos, mellorar a experiencia xeral do público e profesionais participantes no Arde Lucus e incorporar novos elementos (neste caso, un teatro público) á recreación histórica da época romana da cidade. Deste modo, o proxecto *Ludi et pompa* contribúe ó crecemento ordenado da festa, potenciando á súa sostenibilidade no tempo.

A falta dunha localización precisa para ese suposto teatro romano orixinal resulta un problema histórico pero unha vantaxe para este proxecto, que pode mudar de espazo e

tamaño en diversas edicións segundo necesidades. En calquera caso, propuxéronse tres posibles espazos nos que comezar os primeiros anos cun repaso dalgúns pros e contras en cada caso. Sabendo que a aplicación práctica dun proxecto coma este pode supor a necesidade de flexibilidade, incorporáronse tamén ao traballo unha serie de características morfolóxicas mínimas do espazo para cumprir cos obxectivos.

Con respecto á programación, aínda sendo esta responsabilidade das e dos artistas finalmente participantes, creouse unha segmentación xeral por públicos e contidos que permite, por un lado, aportar creacións máis acaídas ás dos teatros romanos da época, espectáculos para adultos incluídos, e por outro, contribuír á difusión e pedagogía sobre os contidos. Por esa mesma razón inclúese a exposición pedagóxica asociada que contribúe ó entendemento, participación e valorización da proposta xeral por parte do público. Do mesmo xeito, manifestamos o compromiso en igualdade de xénero tanto desde a produción coma nos contidos.

Unha vez definidos formato e contidos, argumentamos a oportunidade de crear unha asociación cultural para dar estrutura legal a este proxecto e incorporalo de forma orgánica ás actividades e procesos xa existentes na cidade e na festa.

Como parte das necesidades básicas de *Ludi et pompa*, incorporamos un pequeno plan de comunicación con dúas etapas ben diferenciadas. En primeiro lugar, procesos de comunicación para convocar a artistas e compañías potenciais membros da asociación. En segundo lugar, un plan de socialización do proxecto co público xeral. En ambos casos, a priorización de ferramentas dixitais e tecnolóxicas permiten un potencial alto alcance con mínimo custe.

Desde o convencemento da importancia dos procesos de avaliación en proxectos culturais, incorporamos unha ferramenta avaliativa combinando datos cuantitativos e cualitativos. As características deste proxecto, impulsor da autoxestión profesional, fan especialmente relevante a importancia de este tipo de instancias para que a asemblea da asociación poda mantelo vivo coa mellor información.

Realizado este repaso polos distintos aspectos analizados nesta *Proposta de Intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus*, somos conscientes de que o éxito práctico dun proxecto coma este depende en boa medida do seu pulo inicial. Dado que *Ludi et pompa* xorde como un exercicio académico, Tráballo Final de Mestrado orientación profesional, está pensado nunha certa indefinición que, probablemente, requiriría de axustes no proceso e que, por outra banda, viría a confirmar o espírito de democracia cultural que percorre a proposta. O éxito de *Ludi et pompa* é que os participantes se fagan donos del canto antes. Para iso, sería interesante explorar as opcións de que desde os poderes públicos, particularmente a Concellería responsable do Arde Lucus, se impulsase este ou outro proxecto semellante que veña a cubrir as oportunidades aquí expresadas: a necesidade de potenciar a forza laboral artística local; a carencia dun teatro romano na urbe, sendo un elemento definitorio da cidade romana que o Arde Lucus quere recrear historicamente e; por último, certas dificultades profesionais identificadas no modelo actual.

Tomando como guía os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU para o 2030, podemos afirmar que esta Proposta de Intervención en Artes Vivas entronca directamente con ata seis deles:

- ODS 1: Fin da pobreza; o proxecto contribúe a autonomía económica dos artistas locais, habitualmente precarizados.
- ODS 4: Educación de calidade; o proxecto ten un factor pedagóxico e de formación continua tanto dos artistas como da poboación xeral.
- ODS 5: Igualdade de xénero; o proxecto inclúe perspectiva de xénero tanto na súa estrutura institucional coma nos seus contidos teatrais.
- ODS 8: Traballo decente e crecemento económico; pois atende necesidades no ámbito do emprego dos artistas presentes e futuros.
- ODS 10: Redución das desigualdade sociais; pois favorece a valoración social e reputación dos artistas escénicos profesionais.
- ODS 11: Cidades e comunidades sostibles; pois contribúe á mellora nos signos de desgaste detectados en torno ao Arde Lucus.

En definitiva, esta *Proposta de Intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus* presenta un enfoque integral e fundamentado academicamente no que veñen a confluír os contidos e coñecementos adquiridos no proceso de realización deste Mestrado en Servizos Culturais para a súa aplicación práctica nun proxecto cultural. Cunha visión interdisciplinaria que abrangue materiais de Economía, Antropoloxía, Dereito, Historia, Historia da Arte, Artes Escénicas e Comunicación procuramos a creación dun proxecto cultural viable, relevante, que teña impacto no seu entorno cultural, favoreza a participación en igualdade de homes e mulleres e sexa sostible no tempo. Esperamos que este exercicio contribúa ó enriquecemento do panorama das artes vivas en Lugo, especialmente no Arde Lucus, a través da identificación de necesidades e oportunidades e as propostas asociadas a elas.

A implicación e vínculo emocional da poboación local coa festa do Arde Lucus, amplamente demostrada, ben merecen que os seus procesos sexan constantemente avaliados e actualizados para garantir, desde os diversos actores implicados, a sostenibilidade no tempo dun evento cuxos beneficios sociais e culturais van moito máis alá dos económicos, limitados a unha parte reducida da poboación. Arde Lucus está moi preto de ser un modelo de participación cidadá activa na cultura, de horizontalidade e xestión colectiva, de democracia cultural. De todos depende que non deixe de ser así.

5. BIBLIOGRAFÍA

Ander-Egg, Ezequiel; Aguilar Idáñez, María José (2005) *Cómo elaborar un proyecto. Guía para diseñar proyectos sociales y culturales (18ª edición)*. Lumen/Humanitas.

AISGE (2016) *Estudio y diagnóstico sobre la situación sociolaboral de actores y bailarines en España*. [Informe]

AISGE (2017) *Estudio de la presencia de la mujer en las producciones españolas de ficción difundidas en televisión y salas de cine de España durante el periodo 2014 – 2016*. [Informe]

Barba, Eugenio (2002) *The Essence of Theatre*. TDR/The Drama Review N.46

DOI: [10.1162/105420402320351459](https://doi.org/10.1162/105420402320351459)

Basadre, Carmen. (2017) *Roma en Lugo - Arde Lucus*. Agenda 21 de la Cultura - Culture 21. CGLU.

Diccionario de la lengua española, 23.ª ed., [versión 23.6 en línea]. <https://dle.rae.es> [Consultado o 8 de xuño e 2023]

García Canclini, Néstor. (ed.) (1987) *Políticas culturales en América Latina*. Ed. Grijalbo.

Consello da Cultura Galega (2020). *Informe sobre o teatro galego 2020: creadores, xestores e público*. [Informe] Observatorio da Cultura Galega.

ESAD de Galicia (23 de febreiro de 2018) *Sistema de garantía interna de calidade. Edición 4. Revisión 3*. Xunta de Galicia.

Fernández Vizcaíno, Belén. (2013) *El teatro romano. Res in publico usu*. Universidad de Alicante. BOE

https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-R-2021-50009100108

Garín Martínez, Inma (2018) *Artes Vivas. Definición, polémicas y ejemplos*. Revista de Estudis Escènics. N.43. Institut del teatre.

González-Vázquez, Carmen (2001) *La organización de la cartelera en el teatro romano*. Latomus. Revue d'études latines. N. 60

Ministerio del Interior. Secretaria General Técnica. (xuño de 2017) *Guía de asociaciones 2ª edición*. Subdirección General de Asociaciones, Archivos y Documentación.

ONU (25 de setembro de 2015) *Objetivos de desarrollo sostenible*

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo-sostenible/>

(Consultado o 30 de maio de 2023).

Rodríguez Gervás, Manuel (1999) *Agustín de Hipona contra los espectáculos públicos ¿creencia o concurrencia?* Arys. Universidad de Salamanca

Rodríguez Rangel, Cristina; Sánchez Rivero, Marcelino y Sánchez Martín, José Manuel (2016) *Análisis de los factores sociodemográficos que determinan la valoración de eventos turísticos culturales: una aplicación al Festival de teatro clásico de Mérida*. International Journal of Scientific Management Tourism Vol. 2 N°2

Vizzotti, Martín Miguel (2007) *Séneca, didascalias y voluntad de representación*. Memoria Académica FaHCE. Universidad de La Plata.

Xunta de Galicia (6 de xuño de 2005) *Decreto 145/2005, do 2 de xuño, polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo*. Diario Oficial de Galicia.

Xunta de Galicia (13 de marzo de 2006) *Decreto 42/2006, do 23 de febreiro [...] polo que se crea a Escola Superior de Arte Dramática na cidade de Vigo, que pasa a denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia*. Diario Oficial de Galicia.

6. ANEXOS

6.1 Anexo 1: Transcrición entrevista a Tareixa Campo.

Directora e actriz teatral do grupo *Achádego* (Lugo).

Docente teatral.

Entrevista realizada o 10 de Novembro de 2022 na casa da entrevistada.

Tareixa Campo Domínguez: O Arde Lucus é un fenómeno incrível, é un exceso de xente pero o mesmo tempo ves como ferve Lugo e a xente, que era totalmente ignorante do tema, está enteradísima sobre todas as historias de Roma, dos exércitos, das costumes, dos alimentos... e dos castrexos o mesmo. Hai unhas investigacións aí que fixo o pobo increíbles.

Aarón Navia: Hai unha carencia aí de que eso entre nas universidades.

T: Eles [a universidade] aínda están na historia de que é algo lúdico e nada máis pero non é só lúdico. É máis, en Lugo hai moito culturita que “O Arde Lucus? Bah!” [son de desprecio] pero o que se move en Lugo é moito moito tanto a nivel económico coma cultural. Non sei se procede que cho conte... Hai moita xente en Retales Gloria que van cada semana a ver que retais telen porque eles pasan todo o ano facendo cousiñas nas súas horas libres que venden durante o Arde Lucus, quero dicir, de economía case caseira móvese aí mogollón. E xurden tendiñas pequenas que che venden o broche, a capa, o bolso, o gorro, un montón de cousas pequenas ou grandes, tamén os vestidos para o Arde Lucus. E ademais hanche dicir: pois eso non pega porque ese material non o había daquela ou ese tipo de tecido non se usaba, ou ese debuxo que ten esa tela naqueles tempos non. É dicir, unhas investigacións que ten a xente de a pé e que xurdiron a raíz desto.

A: Todo isto acompañado dun sentimento de orgullo do propio.

T: Si, efectivamente. Mesmo ves que, a min que me coincidiu estar nalgún grupo coordinando tamén a parte do noso grupo de teatro, e algunha vez fomos de castrexos. Xeralmente ímos de romana aínda que me gusta tamén a parte dos castrexos pero hai unha certa cousa de que “oe, que os aquí somos os castrexos, que os romanos somos os invasores” Que á xente crealle un sentido de patria, de razón esta historia.

A: Hai unha cuestión aí antropoloxica moi interesante que resulta sorprendente que non penetrase aínda na universidade sendo ademais Lugo sede do único mestrado de Servizos Culturais ou semellante que hai en Galicia.

T: Eu penso que alguén dos que hai aí dando clase que caia da burra nalgún momento e diga: “Esto hai que poñelo” e pasará. Xustamente o traballo que estás facendo é moi interesante para isto. Porque ás veces pode ser que non se caeu na conta ou que se pensa so no lúdico. Que madre mía que como quedan as rúa de sucias ás veces, como están de cheos os bares que non se entra en ningún sitio, quen vai co traxe de romano e con deportivas (que mesmo os demais tamén llo sinalan) pero, aparte diso, van co traxe de romanos, están integrados na festa. Non se pode pedir perfección en todo. Todo vai mellorando. Os que antes se ataban simplemente unha sábana, que tamén estaba moi ben,

unha sabana branca atada por aquí [sinala o seu hombro], un cinto e xa estaba o traxe de romano. Ben, vale, valeulle no seu momento pero agora xa a xente procura ter o traxe de romano e melloralo de cada vez; e non che vou dicir dos que van da mili, estes que van dos grupos militares romanos e que gastan unha verdadeira burrada de cartos niso. Eu neso estou un pouco máis en contra. Outro compran un deportivo....

En canto ós grupos culturais, os grupos teatrais é algo que potencia que estés traballando todo o ano porque sabes que algo vas ter. Os que estamos metidos noutros movementos como pode ser a Federación Galega de Teatro Afeccionado temos máis actuacións, ou mesmo o que está potenciando a Deputación. Pero co Arde Lucus sabes que tes unha actuación que cha van pagar decentemente ó ano polo menos.

A: Achádego, legalmente, que é? Asociación...?

T: Asociación cultural de ámbito galego. Sen ánimo de lucro. Facemos 34 anos en Decembro [2022].

A: E aínda que hai xente que vai e vén, hai un grupo que levades aí desde o primeiriño.

T: Sí, desde o primeiro primeiro quedamos dous, Xurxo e Merce, por exemplo o que fai de Peludez e a súa muller, entraron un par de anos máis tarde, practicamente desde o principio. De feito neste momento está prevalecendo un bo grupo. É un grupo aberto, sempre admitimos a quen queira, que apareza por aquí. Neste momento por exemplo hai un rapaz asturiano, que aínda non fala galego pero algunha vez que hai que substituír a alguén para facer a lectura do seu texto nalgún ensaio dicimos: “veña, faino ti” e ten posibilidades. Temos un zamorano que leva moitos anos en Galicia e cóstalle moitísimo pero sabe que todo aquí se fai en galego. Él está aquí sabemos que case de paso pero estivo moitos anos en Asturias nunha compañía e é a forma de estar en contacto. Este ano é un pouco extraño, agora mesmo suspendemos unha actuación porque había dúas con Covid pero tamén porque estamos a finais de ano que xa nos queda o que falta por facer nada máis. Ó mellor non hai esa constancia de todos os martes polo menos fixos e despois os días que fixeran falta.

A: Normalmente que facedes, un espectáculo ó ano?

T: Varias cousas. Ás veces non é un ó ano senón algo máis pero é que temos polo medio moitas cousas. Temos as visitas teatralizados ó Cemiterio que é unha ó mes, por exemplo este mes agora toca de músicos; temos música en vivo na representación. No Vello Cárcere estamos facendo tamén unhas visitas teatralizadas que somos catro actores e facemos a historia do Vello Cárcere e da xente que estivo aí, eu en concreto son Enriqueta Otero. Sabes quen era?

A: Oina nomear pero non caio...

T: Era esta señora [amosa unha foto] e esta [sinala outra muller na mesma fotografía] era a miña nai, no Colexio da Milagrosa. Pois mira a esta pillouna a guerra en Madrid, ela era republicana, evidentemente, e foi a secretaria da Pasionaria. Estivo no cárcere, estivo condeada a morte, por fin cando a amnistiaron finalmente, ela cumpriu 19 anos porque a conmutaran por 30 anos e despois cando saíu, que era mestra, rehabilitaron a xusto un ano

antes de xubilarse e ela fundou aquí o que lle chamaba ela o Carriño, a Universidade Popular, que era un carriño que colocaba na entrada do parque con libros e xente achegábase traía libros, levaba libros, falaban, discutían... Era de Castroverde. Hai fotos dela moi significativas. Vega Barrera sabes que éra?

A: Non

T: Pois sendo de Lugo tes que sabelo, Vega Barrera foi un médico que foi o que dignificou a sanidade en Lugo, modernizouna porque había un hospital que era máis fácil ir alí a morrer que a curarse, nalgún sitio está escrito así. Durante a Guerra el era republicano e no hospital de Santa María, que era o hospital que naquel momento estaba en funcionamento, viñeron uns piquetes de guerrilleiros asturianos xa comezada a guerra e el para que non montaran follón meteunos nas camas do hospital para que non houbera tanto jaleo, pillárono e despois dun xuizo que xa estaba preparado antes de que houbera xuizo condárono a morte e matárono.

[Marica Campo, irmá de tareixa, entra na conversa] Era a envexa dos médicos, porque claro, todo o mundo ía a el. Salvou moitas vidas. No mundo dos médicos foi moi comun esto, pasou tamén no Incio, co médico pequeno... coma nas historia clásicas, el era un médico moderno dos que trataban ben á xente e dos que dicían que non había que ir ó Concello mendigar senón que tiñas que exixir os teus dereitos.

T: De Vega Barrera están aí no Vello Cárcere expostas as últimas cartas del á súa familia. Decía que non tiña rencor aínda que a súa morte era inxusta.

[...]

T: Entón, alí no Vello cárcere, facemos Enriqueta Otero, Vega Barrera, Cobreros (o arquitecto que fixo o Vello Cárcere) e Gregorio Sanz, o mestre que inspirou A Lingua das bolboretas. Unha vez que trouxemos a Tamar Novas cando lle dixemos que estivera alí Gregorio Sanz choraba.

A: Claro, en definitiva Achádego, á hora de pensar no tecido profesional local por máis que non sexa unha SL ou empresa propiamente dita. É evidente que falar de teatro profesional en Lugo lévanos a Achádego.

T: Sí, ningún somos profesionais porque ademáis non quixemos. É máis, non estamos participando neste momento en Buxiganga, que fun eu unha das creadoras, das que colaborei no tecido e tal, porque tiñamos que darnos de alta en Actividades Económicas. E dixemos que non, que non era, e perdemos actuacións desas porque non queremos darnos de alta.

Entón, estamos no Vello Cárcere, estamos no Cemiterio, estamos na Federación Galega de Teatro afeccionado que temos moitas actuacións, estamos no Arde Lucus, no San Froilán... E a verdade que nos chega porque todos temos outras actividades, son máis musas as que nos reclaman.

T: Deste xeito tedes o control sobre o que queredes facer. Cando te metes a facer empresas que manter unha estrutura.

T: É que ademáis somos xubilados a maioría, bueno, a maioría non pero catro sómolo. E estamos no día a día 13 persoas. Repito: é un grupo aberto, calquera que nos chame que diga que quere participar entra, vén, se te aguantamos e nos aguantamos, adiante. Efectivamente que teñas entrega e constancia, eso sí. Ademáis hai moitas cousas que se eres un pouco peor pois xa mellorarás, somos desde filosofía. Mira, na última que fixemos no Cemiterio acabou rindo o público porque un dos actores, de certa idade, equivocouse, olvidouse unha cousa e claro, non se lle podía dicir, entón os demais saímos ó paso e ó público deulle a risa e a el tamén. Pero conectou perfectamente co público, entón eso vale.

A: Desde este punto de vista que estamos falando de persoa que está nas Artes Escénicas profesionais ou semiprofesionais da cidade, ti como lle definirías o Arde Lucus a unha persoa que non teña nin idea de que vai todo esto.

T: Pois a ver, é unha festa do pobo que nos conecta co noso pasado e coa nosa historia. Tanto a nivel dos habitantes de Lugo daqueles tempos como dos invasores, dos romanos, que configuraron o carácter do que é a cidade de Lugo, porque a proba son todos os restos romanos que hai aí. Eu faría outra festa dos suevos, porque foron tamén tremendamente importantes pero bueno empezamos coa festa esta e ó mellor xurde nalgún momento. Alomenos a xente estase enterando tamén da historia dos suevos en Lugo pero evidentemente estamos conectando co pasado, estamos axudando a investigar, estamos celebrando que somos.

A: Cal foi o primeiro contacto de Achádego como compañía co Arde Lucus? Como comezou esa colaboración?

T: Sempre mandaron comunicación a todos os grupo por correo electrónico, se non lembro mal. Nós os dous primeiros anos non entramos porque tiñamos o calendario bastante completo nesas datas, creo que foi no terceiro ano que entramos e a parte diso despois algún grupo, o de Senadores, tiñan unha persoa colaborando pero despois o terceiro ano esa persoa non podía e entón pedíronnos que formamos a botarlles unha man e pagáronlle ó grupo pola formación e a posta en escena para axudarlles un pouco. E estivemos con eles creo que tres anos. Ao mesmo tempo había un grupiño que se apuntaron, de mulleres aínda que ao final houbo algún home, para facer algo de Asamblearias... ata me parece que se chamaba así o grupo desde o principio. Despois Asemblearias dividiuse en dous grupos entre elas porque nós solo era algo de preparación actoral e axudarlles a facer a montaxe pero elas seguían durante o ano, non sei como se chamou o grupo despois de separarse porque xa non seguían aí. Seguiron outras persoas que se dedicaban a eso profesionalmente pero eu non. Pero si estivemos axudando a montar o que se facía os venres que era a fundación de Lugo, aí participaban todas as asociacións. Tamén era a entrada das tropas romanas pola ponte [romana]. De feito hai algunha foto en que está Anxo, do grupo, que agora é asesor cultural co Concello, vestido de castrexo e é o que vai avisar ós castrexos de que están entrando as tropas. Estivemos coordinando ese acto, algún ano. E logo había na Praza de Santa María como os romanos mandaban a este lugar de Lugo as súas tropas Paulo Fabio Máximo que agora din de que non foi o fundador... pero bueno, a imaxe segue aí. Os castrexos puñanse de acordo con el, etc.

A: Entendo que hai unha consciencia na xente que participa de que están a facer teatro por máis que non sexa nun escenario á italiana e demais.

T: Totalmente. Este acto na praza era á italiana que estaba precioso. Ían representantes de cada asociación, que son moitas, co seu estandarte, íanos nomeando.

A: E levan cada quen unha personaxe construída que manteñen aínda que estean na rúa?

T: Totalmente. A min o que me chama a atención, é que parece un pouco nostalxia da mili, eu son pacifista cen por cen pero a historia foi a que foi.

A: Ó final están participando máis do rito que do bélico.

T: Efectivamente, Tes que aceptar a situación e estar convencida de que todo o que fixo o fixo por ben. Crer a túa personaxe. Liña William Layton. O meu principal profesor foi Juan Pastor, un profesor de Arte Dramático en Madrid e foi dos alumnos predilectos de Layton. Eu coñecín a Layton nunha conferencia que fun con Juan Pastor e a súa muller, Teresa Valentín, que tiña o teatro Guindalera.

[...]

A: Neses primeiros contactos do Concello en que vos escribian por email, que querían? Pedíanvos algo en particular?

T: Que participáramos facendo o que fora. E había algunha reunión dos grupos para decidir que se ía facer e de feito siguen convocándonos para ver quen nos apuntamos, quen non, e o que ímos facer máis ou menos. Logo mandamos nosas propostas, de día de hora e de lugar.

A: Non so o espectáculo senón tamén o emprazamento?

T: Este ano por exemplo, non se fixo, desde a pandemia non se fixo. Pero antes da pandemia, a parte que faciamos un espectáculo cada un de rúa evidentemente, podía ser firme nun espazo ou pasarrúas. Simplemente íamos de praza en praza co Artis vendeteris que son os charlatenes vendedores, vendendo as cousas máis raras que podas imaxinar. A parte desa proposta, antes da proposta antes da pandemia tiñamos un lugar fixo que era no patio do Vello Cárcere. Aí había un espazo fixo con catro columnas e tal e era o lugar fixo do teatro, digamos. O teatro tiña unha importancia moi particular no mundo romano. Ca pandemia cortouse, de feito o primeiro ano da pandemia fixemos uns vídeos que se proxectaron na fachada do Concello, claro, para que non morrera aquilo. O segundo ano foi algo mínimo cunha entrada de moi pouca xente na praciña que hai detrás de Santo Domingo, na rúa aquela detrás do convento, a calexa do Hospital e o terceiro foi este ano pero aínda non se recuperou o espazo propio do teatro. Nós aí faciamos uns xuízos romanos chamados Xustiza, que había os xuíces, e coas claves do xuízo romano. Porque cando se montou a primeira vez tiñamos un avogado no grupo e entón buscou toda a información posible e fíxose esa montaxe como votaban poñendo as pedras brancas e as

pedras negras, se había máis pedras brancas declarábase inocente, se había máis negras declarábase culpable.

A: Eses espectáculos está plantexados cunha dramaturxia aristotélica de presentación, nó e desenlace ou é un desenrolo máis parecido á realidade?

T: Máis parecido á realidade. Como un xuízo: comeza o xuízo, preséntanse os xuíces, botan un discurso moi romano e moi axeitado de acordo a cómo se facían, os demais tamén falan e mesmo cando botan a pedras xustifican por que as botan, despois de que hai o xuízo. Testemuñas e todo o demais.

A: Unha cousa que me chama a atención neste tipo de espectáculos é a xestión do público. Porque claro, Lugo multiplica a súa poboación [durante o Arde Lucus] , hai un ir e vir de xente constante... Traballades con amplificación?

T: Solo a imprescindible. Somos moi en contra dela pero ás veces fai falla porque é que senón non te escoitan. Máis ben non te oen, escoitar escoitan pero non te oen.

A: E o público en xeral está en cadeiras, están de pé...?

T: Neste espazo en concreto de pé, o que pasa que neste espazo hai moito onde sentarse. Hai nos muros de pedras e tal, hai para sentarse tranquilamente. Unicamente hai cadeiras no que poñen na Praza de Santa María, é unha estrutura máis italiana convencional, todo aberto e mesmo nós actuabamos alí a ceo aberto co público nas escaleiras do bispado e cando se empezou o das Vestais, que protexen o lume sagrado e demais tamén axudamos nós a preparalas e mesmo fixemos textos e demais. Eso foi os primeiros anos despois xa elas medraron e voaron libres e medraron moito e moi ben.

A: Ó final todo esta facendo unha semente de afeccionados ó teatro na cidade que quizáis non entran pensando en facer teatro pero na praxe é o que están a facer.

T: Non cabe dúbida. Están facendo teatro.

A: Eu escapei no plantexamento do traballo do termo teatro polo de Artes Vivas xustamente por esto, porque non me quero delimitar a esta estrutura tan pechada do que ten que ser o teatro.

T: É algo vivo, non cabe dúbida.

A: Hai unha frase en Latinomérica que di “non teño probas pero tampouco dúbidas” e penso que tiña que haber unha teatralidade castrexa, porque o teatro vén co ser humano...

T: Pero se o neno cando está no berce movendo unha man e mirándoa e xogando con ela que está facendo?

A: Un títere!

T: Eso é, o seu corpo é o primeiro títere, non cabe dúbida. Como os nenos danzan sen que ninguén lles ensine. A música está aí e a danza está aí.

A: Esto enlaza co pouco que se sabe das teatralidades precolombinas en América nas que todo o mundo era parte, non había unha separación entre o público e a escena que é moi europea, burguesa, máis do século XVIII, XIX... Esa forma de facer teatro na que todo o pobo está participando do espectáculo e a min como que todo esto que me contades de como é o Arde Lucus tírame moito a eso.

T: Aí está. De feito van vestidos, caracterizados, é para entrar en escena en calquera momento. É como aquelas historias do primeiro Augusto Boal, cando poñían no medio da praza e en calquera momento un espectador podía decirlle ao espectador “aparta que sigo eu porque eso que estás contanto incúmbeme a mín”.

[...]

T: Eles van preparados para intervir en calquera momento.

A: E polo tanto, aínda que se respete o traballo dos actores, eles poden intervir en calquera momento, poden botar un berro ou de pronto estar de acordo ou non co que está pasando no xuízo...

T: Totalmente, se lles mandas intervir, interveñen. Se non o fan é por respecto. Máis dunha vez pasou.

[...]

A: Xa falamos de cómo participades e demáis, agora desde o teu punto de vista de persoa que está metida cento por cento nas artes escénicas, está claro que hai un fito en Galicia que foi a apertura da ESAD que marcou un cambio, agora hai moita xente que tivo a oportunidade de ser Licenciado en... En que situación temos hoxe a profesionalización das artes escénicas en Lugo?

T: Sigue sendo moi difícil vivir do teatro. Desgraciadamente. Tes que combinar, xeralmente, iso con outro traballo que che de o pan. O ideal sería poder vivir do que che gusta e do que estás preparado, é máis, que hai máis útil que facer feliz á xente? como se fai a través do teatro, ou facer pensar á xente. Pero sabemos que vive un Tosar e pouco máis, falando da xente próxima. Que é un actor de Galicia pero tampouco podes dicir se é un actor galego. Non é fácil vivir diso, agora, axudou moito que haxa preparación, aparte que sae de aí xente moi boa. O que é mediocre segue sendo mediocre porque xa podes ir á mellor universidade do mundo que se es mediocre seguiralo sendo pero sale de aí xente moi preparada e moi boa e penso que hai, polo menos parte, do que eu coñezo, moi bo profesorado. Claro, sería ideal que medre tamén a industrial cinematográfica, ou cultural ou escénica, que medre aquí. Temos grandes directores tamén, temos un Tito Asorey por exemplo e hai máis por aí. Melania Cruz é unha actriz increíble.

A: Hai unha certa desconexión no que vexo na programación do Gustavo Freire, que é moi interesante, veñen espectáculos moi bos a nivel español, a nivel Galicia ...

T: E sen embargo vas, e hai vinte persoas [na platea]

A: ...e para min eso non termina de ter moito sentido con esto que falamos de que nos vinte anos do Arde Lucus sementouse un amor polo teatro, un coñecemento, un estar na teatralidade. Cal pensas ti que é aí o problema?

T: Algo falla para que todo ese traballo que fan se conecte coa realidade teatral da cidade.

A: Non tes unha intuición de por que pode ser?

T: Mira, cando comezou a aula de teatro da universidade, aqueles primeiros anos, houbo aquí un ferver de grupos. Eu levei a aula cinco anos e houbo un montón de grupos e ías ó teatro e estaba cheo. Algo está fallando, o que non o sei. Ó mellor é a vida mesma ou non é so no teatro, é tamén noutras cousas, pero non hai todo o consumo de arte que debería haber.

A: Porque por exemplo en Lugo está tamén a Mostra de Teatro Clásico...

T: Aí si hai xente. Ó mellor non cheo de todo pero El Brujo enche, pero hai outros que non son peores que El Brujo, hai grupos extraordinarios, maravillosos e non enchen ó mellor igual.

A: Penso nos espectáculos que fai Pentación para o Festival de Teatro de Mérida, que algúns teñen pasado por aquí aínda que sexa en formato máis reducido pero parecería evidente que a xente que está tan metida nese mundo romano todo o ano, participando e tal, que despois cando viñera algo así que foran todos de cabeza alí.

T: Non pasa. Tamén pasa que somos os mesmos que ímos ó teatro e os que preparamos e ás veces coincidennos os ensaios. Nós sabemos que os martes ten que ser cousa grave senón non podemos faltar. Os outros días pode ser negociable e se pon outra data consensuando. Se hai algo os martes, seguramente non podemos ir salvo que a cousa sexa tan tan que dicimos, pasamos. Pero moitas veces estamos cunha urxencia de que ó mellor temos que actuar o xoves, ou a fin de semana pois hai que ensaiar e fóra.

A: Canta xente dirías ti, números aproximados, que pode estar implicada nesta teatralidade do Arde Lucus?

T: Non podería calcular pero se Lugo ten cerca de cen mil habitantes, multiplica por tres ou por catro.

A: Eso quere dicir que hai moita xente de fóra que está participando.

T: De feito ten coincidido exames de oposicions de secundaria nesas datas e alguén que vén de fóra pedirme socorro para que lle dera habitación porque non hai nin sequera ata Villaba.

A: Cales pensas ti que son os perigos que corre o Arde Lucus para os vindeiros anos?

T: Que se banalice. Que nos quedemos so coa festa, co vandalismo nocturno, do encherse, que mesmo desde as propias asociacións teñen saído con coma etílico. Que se banalice demasiado, que se perda o espírito do Arde Lucus. O museo da romanización, que non van ser so pedriñas ali colocadas senón cursos, estudos, historias e demais, pode colaborar a favor de que eso non suceda. Estan vendo para facer no cuartel de San Fernando para facer o Museo da Romanización, está aí para sair adiante. Pediuse agora algo de fondos europeos pero parece que non saíu pero hai unha intención da Xunta tamén de poñer cartos. Cando se empezou a reclamar nos días anteriores á pandemia, de feito me parece que era o día 14 [de marzo de 2020] que tiñamos unha actuación alí diante do Cuartel e o 12 foi o día que nos pecharon. Daquela houbo ata unha manobra de distracción da Xunta que propuñan facer aí un parador de turismo cando faltaba que o sistema de paradores de turismo o admitira, que non o ía admitir, segundo: a xente que poda coller alí non compensa, non merece a pena pero para un museo da romanización había, de palabra, non sei se por escrito, uns fondos concedidos pola Xunta que a ver onde están.

A: E todo esto ten que ver co que chaman o Arde Lucus Cultural.

T: Eso empezan a facelo antes, supoño que tería que ver.

A: Por certo, un dato que se nos estaba quedando, como tempo antes é ese contacto do Concello para pedir propostas? Canto tempo tedes para preparar os proxectos?

T: Ó empezar o ano xa nos comezan a contactar. Febreiro como moi tarde xa están chamando a ver quen quere participar.

A: E convocávos xuntos.

T: Sí a unha reunión á que vai un representante de cada grupo e falamos, e opinamos e dicimos o que fariamos, se estaríamos dispostos a participar, se falta alguén. De feito temos un grupo de WhatsApp no que nos comunicamos todos con María José do Concello.

A: Polo tanto nesa reunión a xente do teatro, vós, Palimoco, Nostrum Cai, etc. estades en igualdade de condicións que as asociacións coma poden ser as Vestais, a Cohors, etc.

T: Total. Hai algunhas que non son asociación cultural, entón paréceme que esas non poden pedir, non estou segura. Aí o Concello pagáballes mesmo cursos de formación nun momento dado pero as que se constituíron como asociación cultural xa poden facer eles os seus proxectos para actuar e demais; as demais non sei exactamente como é.

A: O que vexo é que hai moita xente que ten a dobre estrutura, teñen unha asociación cultural e máis un grupo profesional. Dependendo do circuito.

T: Hai varios que teñen iso. Mesmo os de Hipócrita que teñen a escola de teatro que ten... non me sae o nome. Ten a escola, que lles va ben e o mesmo tempo teñen o grupo con Coira, con Marga e Ana Carreira... Pinconús. Teñen ese profesional e ó mesmo tempo están con Hipócrita e o mesmo tempo el fai monólogos.

A: Segundo o teu punto de vista, como se podería aproveitar o Arde Lucus para favorecer a creación dese tecido industrial das artes escénicas na cidade?

T: Non o sei. Igual... Arde Lucus é tanto tanto que non sei como se podería favorecer para a partir de aí... Ó mellor potenciando que durante o ano estes grupos que están facendo estas cousas estupendas poidan seguir facendo. Mesmo están en lugares prestados, o que teñen montado durante o Arde Lucus o resto do ano non o teñen. Ó mellor habendo algúns lugares que están baleiros e que se poderían alugar por dous pesos porque están vacíos e o que están desexando é alugalos, ó mellor non no centro da cidade, potenciando que tiveran traballo durante o ano.

A: Imaxino que moita xente que está participando ten problemas para ver ós demais que están participando por unha cuestión de tempo. Ou estás ensaiando ou rematando vestuario ou preparando escenografía ou estás actuando á mesma vez. Non podes ir ver ó outros.

T: Os que están continuamente abertos, como por exemplo as Vestais que inauguran o lume sagrado o primeiro día e están sempre abertos, sí. Nós actuamos un día, antes actuabamos máis, cando tiñamos aquel local, senón sí podes. De quitado grupos determinados que están todo o tempo abertos. Mesmo os senadores teñen o seu punto que montan, nos xardíns do Vello Cárcere, o que están é alí facendo follón e tomando cervexas. Eles teñen as súas actuacións e claro, é unha celebración.

O primeiro para potenciar as artes escénicas todo o ano é ter un lugar físico no que sentarse. Teñen un lugar físico que lle lo prestan durante o Arde Lucus, pois que tiveran un espazo físico no que poder asentarse. Mesmo nos grupos de teatro "normais". Nós temos a posibilidade de ter un lugar físico alugado porque levamos moitos anos e temos un colchonciño; tamén mira, durante a pandemia o que nos ten alugado o local non nos cobrou pero eso pasounos a nós, a outros non lles pasou. mesmo onte estivo o dono aquí onte cobrándome e díxome "é que somos como da familia".

A: E que pasa co Gustavo Freire que non ten nada que ver, non participa da festa...?

T: O Gustavo Freire está apartado totalmente. Isto faise máis ben dentro da muralla, ou ó redor, ou en lugares que teñen que ver coa estrutura romana da cidade. Mesmo o día da chegada das tropas ó balneario si que ten que ver porque aí están as termas romanas e a ponte romana ten que ver porque a entrada en Lugo foi por aí. Despois é todo dentro de murallas e demais.

A: Máis de que o público fora ata alí, sorpréndeme que é un espazo habilitado que ten camerín, que o hall de entrada é moi adecuado...

T: Eso utilízano no Arde Lucus Cultural pero no Arde Lucus non. O Gustavo Freire que eu coñecín, onde comezamos nós hai 35 anos, aquilo sí que era problemático, co teito de uralita, as butacas baixo teito de uralita. Eu recordo que nos deixaban ensaiar ali, porque nós comezamos por encargo cun espectáculo para o corenta aniversario da Declaración dos Dereitos Humanos e entón deixáronnos ensaiar ali pero era no mes de outubro, novembro, decembro: con bufanda e guantes. A min agora, a parte de que lle teño cariño, parece-me un lugar marabilloso.

A: E nalgún momento terán que abrir ese espazo que está aí preparado na Acea esperando abrir.

T: Parece que xa hai empresas que presentaron orzamentos e están decidindo cal vai facer o arreglo. Ata o de agora era a loita entre a Xunta e o Concello de a quen lle tocaba pagalo. Está feito pero falta moito, como é un local que non se usa. Están caendo cales e cousas. Ese espazo está para que un grupo local poda presentarse aí e di vou ter duascenas persoas, non coma no Gustavo que desde o escenario mesmo é terrible. Alí hai esa saliña pequena que me parece que é para 300 que e unha marabilla. Aínda non estiven dentro.

6.2 Anexo 2: Transcripción entrevista a María José Pena Lage.
Xefa de Sección da Casa da Xuventude. Concello de Lugo.
Responsable do equipo de produción do Arde Lucus desde o 2007.
Entrevista realizada o 9 de novembro de 2022 nas oficinas de Xuventude do
Concello de Lugo.

Aarón Navia: En relación coas Artes Escénicas, cal é o proceso se unha compañía profesional ou semi profesional quere participar no Arde Lucus?

María José Pena: O Arde Lucus é unha festa de Lugo, da cidadanía, fundamentalmente. É verdade que as 19 asociacións que compoñen a festa son todas de Lugo e son unha base fundamental do Arde Lucus. Sempre queremos contar con todos os grupos de teatro que estén na cidade, profesionais ou amateurs. Tratamos de implicar a todos os sectores da cidadanía de Lugo, desde colexios ata neste caso os grupos de teatro.

A: Hai unha diferenciación entre os grupos amateurs ou profesionais á hora de contratalos?

M: A diferenza fundamental é o precio, está claro. Non podes costear igual un grupo amateur que un profesional.

A: Faise unha convocatoria aberta para que presenten proxectos?

M: Non, normalmente poñémonos en contacto con eles e [pedímoslles] que presenten propostas.

A: Polo tanto poderíamos dicir que é unha cuestión mixta, chámase desde o Concello pero eles teñen a apertura para presentar o que desexen.

M: Efectivamente, ou ben por iniciativa propia ou ben como nós coñecemos á maioría do tecido asociativo de teatro e de grupos de teatro poñémonos en contacto para que presenten propostas.

A: Hai algo así coma liñas temáticas cada ano ou é máis ben unha proposta aberta?

M: Eles está abertos, ás veces podemos suxerir nós aguna cousas pero tamén lles deixamos aberto para que cheguen iniciativas novas que podan desexar e que teñan a capacidade de executar.

A: Entón, digamos que de algún xeito as actividades teñen certa exclusividade, no sentido de que se un grupo presenta unha proposta non ten sentido que outro grupo presente algo semellante.

M: Non, bueno, a base fundamental das actividades son as asociacións de Lugo. É verdade que despois participan asociacións de fóra pero incorpóranse ás actividades centrais que temos no programa.

A: En primeiros contactos informais para a realización deste traballo chamoume a atención que algunhas persoas de Lugo das Artes Escénicas manifestaban certa queixa de que se

traian moitas actividades de fóra. Mirando desde fóra os materiais comunicativos chama a atención, pola contra, que se ten moito en conta á xente da cidade. Cando se traen compañías de fóra, é porque non se atopou algo semellante na cidade?

M: É porque se complementan, non é unha cuestión de que non se atopou na cidade. En primeiro lugar van as asociacións da cidade e despois traense tamén algunhas compañías de animación de rúa de fora. Aquí en Lugo non temos todo.

A: Nestes casos, entendo que estas compañías teñen un caché e se o orzamento da festa da para contratalos...

M: Efectivamente, se non chega o orzamento non se contrata

A: E no caso das asociacións locais, hai unha distribución orzamentaria equitativa? Ou cal sería o criterio de distribución orzamentaria? Depende do número de membros?

M: Valórase moito o número de persoas da asociación. Está claro que unha asociación que teña dez persoas ten unha capacidade de produción diferente para realizar unha serie de actividades a outra que ten ó mellor cen ou, sesenta, está claro. Valórase eso e tamén as iniciativas novas, que incorpren novidades respecto a anos anteriores aínda que repitan actividades que realizaron pero que incorpren outras novas.

A: Tamén nese sentido, despois de vinte e pico de anos, hai xa unha tradición de certas actividades que xente espera que sucedan.

M: Hai actos que son xenéricos para todos e que son para todos os anos.

A: Outro tema que me chama a atención é o das competencias. Estamos na oficina de Xuventude do Concello, por mais que poida traballar en coordinación con outras concellerías. Sen embargo, o Arde Lucus é unha festa claramente dirixida ao público xeral. Como é iso? Foi algo que sucedeu dende o primeiro ou é unha decisión que se toma máis adiante.

M: Foi desde o primeiro, Arde Lucus naceu como unha festa para a mocidade no primerio ano a raíz da declaración da Muralla como Patrimonio da humanidade. Naceu e creceu en Xuventude e polo tanto segue estando en Xuventude.

A: Entón o que resulta que unha Concellería como Xuventude, que podería parecer de entrada menor en termos orzamentarios, agora mesmo ten unha visibilidade e importancia cara ó exterior xigantesca.

M: Nese sentido sí, claro. Aquí houbo un traballo de equipo de moitísima xente. Desde os inicios ata agora aquí houbo moitísima xente traballando para o crecemento da festa.

A: Cal é o equipo de produción estable durante o ano?

M: Temos o personal da concellería, que varía un pouco, e despois fanse reunións durante todo o ano coas asociacións de recreación histórica, coas de teatro, etc,

A: Polo tanto entendo que o Concello neste caso actúa como promotor directo. Non hai unha licitación dunha empresa ou productora á que se lle encargue o lugar intermedio entre o Concello e os participantes.

M: Non. O concello é quen organiza a festa, quen selecciona os contidos, os espectáculos e demais. É verdade que ás asociacións tamén se lles pide que participen activamente.

A: E como con canto tempo de adianto soe estar lista a programación?

M: Normalmente hacia finais de ano comezamos as reunións coas asociacións. Hai que ter en conta que o Arde Lucus ten dúas partes. Unha parte previa que é o Arde Lucus Cultural, que é a parte histórica, de difusión da cultura romana, onde hai conferencias, se acode os colexios, celébrase xogos romanos de taboleiro... Poderíamos dicir que é a parte non lúdica, tres meses anteriores á festa e despois está a propia festa. Comézase xa a finais de ano con reunións, planificación primeiro do Cultural e despois a festa que se vai preparado non digo solapadamente pero unha a carón da outra.

A: Lugo é unha sé da USC e especificamente as Humanidades están aquí e sen embargo ao facer unha escolma de material investigativo case ninguén investigou académicamente sobre o Arde Lucus. Hai TFGs e teses de doutoramento de temas moi variados e aleatorios e logo algo tan tanxible como pode ser a festa do Arde Lucus, tan visible exteriormente, non hai case materiais. Entendemos que ese camiño do Arde Lucus Cultural vai un pouco nesa dirección?

M: A creación da parte do Arde Lucus Cultural efectivamente vai por aí, pola difusión da cultura romana, é a parte non lúdica. O Arde Lucus penso que é unha combinación da parte lúdica e da parte de recreación histórica. Cando se perda unha desas dúas partes, algo coxea. É verdade que, durante a festa, meter todo solo recreación e non o outro algo coxearía. Son catro días a festa entón tampouco da tempo a metelo todo nesas datas.

A: Foi así dende o primeiro?

M: Non, fíxose posteriormente. Debeu ser aproximadamente a partires do sexto ano. Creouse precisamente para difundir entre toda a poboación a parte histórica que temos en Lugo do noso pasado romano. Implica tamén ós centros educativos tanto con talleres, conferencias... as asociacións van tamén [ás escolas]. Por exemplo os xogos romanos de taboleiro que teñen moitísimo éxito cos nenos e fanse campionatos aquí en Lugo e despois estes últimos anos estase xogando un campionato con Astorga, outra das cidades da *Gallaecia*, tamén con Braga en algunha ocasión. Faise ó final un ano en Astorga e outro en Lugo, así os nenos que participan tamén coñecen toda as cloacas e o pasado romano que teñen alí e cando veñen os de alá tamén lles facemos nós ós que veñen unha visita cultural. Os nenos participan activamente e gústalles moito. Nos colexios ensinámoslles os xogos de taboleiro, fan a final de cada colexio, despois entre colexios... é unha forma de implicar á xente xove que é o futuro, se non hai relevo, malo.

A: Entendo polo tanto que hai aí tamén un traballo de construción de identidade local, de orgullo do propio. Poderíamos dicir que ese é un dos obxectivos principais do Arde Lucus en xeral?

M: Eu creo que un dos obxectivos é buscar o relevo xeracional. Queremos que a xente se vaia involucrando nas asociacións e que a xente xove participe porque de algún xeito é o futuro. Se nas asociacións non entra savia nova vanse volvendo vellas.

A: Que outros obxectivos poderíamos destacar do traballo xeral ao facer Arde Lucus?, ademáis destas ideas identitarias, de orgullo e de relevo xeracional. Lembrando que estamos en Xuventude, aínda que a festa é un evidente promoción turística da cidade, entendo que por detrás debe de haber outros obxectivos que quizáis non son tan rechamantes pero que teñen unha importancia fundamental.

M: Os que che estou dicindo. Vivir a nosa historia, vivir o noso pasado romano, vivir a nosa cidade, poñer a cidade fóra no mapa. Que xa está [conseguido]. Se vas por aí a outras festas de recreación histórica e ves que o Arde Lucus está moi arriba. Conseguiuse a cidadanía, de moitos sectores da cidadanía que non se consegue noutras festas, outras teñen a recreación e a cidadanía está a parte. Aquí ti ves como durante os catro días se non vas carectizado sinteste raro, cousa que non pasa noutras festas nas que a poboación non se caracteriza. Van a ver pero non participa activamente. E despois o que che dicía do relevo xeracional.

A: Respecto ao que falabas da visibilidade exterior da cidade e da festa, que tipo de accións se fan ao longo do ano para que desde fora se siga coñecendo e siga atraíndo xente?

M: Fanse accións publicitarias de difusión en medios, por exemplo estes últimos anos temos a solicitude presentada para que se declare Festa de Interés Turístico Internacional, polo que houbo que facer unha difusión a nivel internacional en prensa, en radio, medios internacionais para poder completar o expediente. Despois hai intercambios con asociacións, tanto nacionais como internacionais. Teñen vido desde Italia ou Rumanía a participar do Arde Lucus e as nosas asociacións teñen ido tamén fóra, o que tamén lle da unha visibilidade.

A: Eses intercambios son coa colaboración orzamentaria do Concello para faelos posibles?

M: Claro.

A: E para esa promoción trabállase cunha axencia de publicidade?

M: Para esa promoción temos no Concello o gabinete de prensa que participa activamente na labor. Aínda que a tendencia sexa á externalización aquí ímos aguantando, non sen moitos esforzos, pero non hai nada externalizado. Polo de agora o Concello é o organizador, o que decide, o que selecciona os contidos... todo. Hai que querelo moito. Hai unha liña moi fina na montaxe do Arde Lucus entre o aspecto lúdico e o histórico, como te pases para un lado ou para o outro a esencia da festa pérdese. Conxugar os dous elementos entre aspectos lúdicos de festa, que os hai, e aspectos de recreación histórica non é fácil pero é fundamental sabelos conxugar un pouco.

A: Ese era o perigo que detectaba na análise inicial: o perigo de que algúns visitantes se perdan no aspecto lúdico

M: Sí que o hai. Hai quen ven so pola parte lúdica pero tamén hai moita xente que ven pola parte de recreación. A visita aos campamentos xa é recreación, pura e dura.

A: Respecto á asignación dos espazos, agora que falas dos campamentos, cal sería o criterio?

M: A medida que se foron creando as asociacións foronse asignando os espazos dependendo tamén do tamaño do campamento, dos espazos dispoñibles na cidade e despois asignáronse no Parque de Rosalía de Castro ás castrexas, aínda que tamén hai castrexas fóra pero fundamentalmente alá. Ó primeiro estaban ubicadas noutro espazo que houbo que deixalo porque xa non se podía usar. Hai que ter en conta que non é que tiveramos 19 asociacións desde o principio senón que isto foi expandíndose pouco a pouco, fóronse buscando os espazos dependo de se son romanas ou castrexas, das necesidades de cada campamento, algúns teñen unha montaxe moi grande como pode ser a que está diante do Concello (a Cohors), outros que o teñen máis pequeno, depende.

A: En xeral son espazos na vía pública e ó aire libre.

M: Sí, todos.

A: Non está incluído o Gustavo Freire.

M: Arde Lucus é de rúa cen por cen, non de espazos pechados. Non é verdade, algunha actividade pode realizarse e espazo pechado pero poden ser unha ou dúas. O resto é de rúa.

A: Imaxino entón que serían actividades máis vinculadas á previa, ao Arde Lucus Cultural.

M: Non, dentro do Arde Lucus, por exmplo temos tido no Vello Cárcere grupos de teatro onde ían durante todo o día mini funcións de teatro que, aínda que usaban os espazos ao aire libre da cárcere, era un espazo pechado. Na Igrexa do Carme tamén houbo obras de teatro ao longo de todos os días pero é moi simbólico, apenas dúas actividades comparado co todo resto das actividades na rúa. Arde Lucus é da rúa.

A: De cara ao futuro é evidente que a festa está asentada; ten moitísimos participantes e visitantes activos, a xente involúcrase. Entendo que eso tamén é un reto para o Conello desde o punto de vista da posibilidade de “morrer de éxito”. Cales serían os principais retos a partir de agora?

M: Esperemos que non chegue a suceder. Os principais retos a partir de agora son conseguir a [denominación de] Festa de Interese Turístico Internacional, manter a festa e seguir crescendo dentro da medida do posible; seguir poñendo Lugo e o Arde Lucus no mapa como festa de referencia de recreación histórica.

A: Antes de rematar, respecto á relación cos patrocinadores, sono do Arde Lucus en xeral ou de actividades concretas?

M: Os patrocinadores xestiónanse a nivel de concello poñéndose en contacto con empresas que queiran aportar o seu graniño de area para a festa en xeral. Non hai patrocinios particulares deste espectáculo, entran dentro da bolsa para todo o que se fai.

A: E se unha asociación tivera unha idea que require un esforzo orzamentario e atopa un patrocinador propio, sería posible facer ese enganche?

M: De entrada non deixamos que cada asociación teña publicidade propia. Na festa poderás ver que ningún campamento ten unha lona dun patrocinador e outro doutra. Creo que ademáis eso faría peder a esencia da recreación, non queremos que os espazos se convertan en espazos das marcas. Patrocinar o Arde Lucus é unha exposición publicitaria bastante importante e que segue ao longo do ano. Os que se incorporan están na páxina web durante todo o ano.

A: Temos xa orzamento para a próxima edición?

M: Non, máis ou menos o teremos en Xaneiro.

A: E en liñas xerais, tendo en conta anos anteriores, en torno a que cifras orzamentarias se move a festa?

M: Non sabería unha cifra total neste momento. Este ano (2022) foi unha das edicións máis patrocinadas.

6.3 Anexo 3: Transcripción entrevista a Carmen Basadre.

Ex-Concelleira de Cultura do Concello de Lugo

Ex-Concelleira de Xuventude e Igualdade do Concello de Lugo na lexislatura na que se creou o Arde Lucus e posteriores.

Entrevista realizada o 9 de novembro de 2022 nunha cafetería próxima á casa da entrevistada.

Aarón Navia: Ti estabas aí no primeiro momento [do Arde Lucus] polo que me interesa a túa experiencia. A corporación de J.L. López Orozco entrou no Concello no 99 e o Arde Lucus comezou no 2001.

Carmen Basadre: No 2000, Lugo, a Muralla, foi Patrimonio da Humanidade e cando entramos poucas cousas había en Xuventude e Cultura. Eu entrei na Concellería de Xuventude e de Igualdade e entón viñamos pensando que poderíamos facer. Existía o San Froilán pero tiña que haber outra festa relacionada coa nosa historia e co noso Patrimonio e comezamos a pensar co gallo da declaración de Patrimonio da Humanidade: unha festa medieval, non porque Lugo aínda que ten moito medieval as súas orixes son romanas. Facendo sobre todo para o centro histórico da cidade que estaba completamente desanxelado, so había bares e así, así, con moi pouco ambiente. Decidimos facer unha festa para a Xuventude e probamos. Pensamos en como lle íamos chamar, démoslle moitas moitas voltas. Fixemos un torbellino de ideas entre o equipo que estabamos en Xuventude e entre todos decidimos un pouco como se ía chamar, que queríamos facer... e era iso, dar a coñecer a orixe da nosa cidade, ter en conta o solsticio de verán que era tamén tan importante para o mundo romano e ademais de eso temos museos arqueolóxicos e levantas unha pedra e debaixo de cada unha saen restos arqueolóxicos. Pensando en todo iso e que estabamos no casco histórico, pensando en darlle pulo á cidade.... foi o que fixemos. E pensando en ter algo máis de cara a xuventude para que non esqueceran de onde vimos. Cando empezou non tiñamos nin cartos para facelo, empezamos un día pola tarde, eu recordo que antes das dez da noite tiñamos un concerto, creo que de Ketama... nada que ver. Dividímolos en dúas partes: unha era a máis lúdica, de concerto, e outra era a parte romana. Sobre isto houbo unha obra de teatro que era unha preciosidade, Alquimia 113 creo que se chamaba. Fixeron unha obra de teatro vestidos de época e con fochos de lume e a obra viñana facendo desde o Concello ata a praza de Santa María, onde está a Catedral. Era fusión do lume, o aire, o vento, unha fusión de todo eso. Que foi algo feito para aí, unha unión de todos os elementos para que Lugo rexurdira de novo e a muralla tamén. Foi un éxito bestial. Falamos cos hosteleiros para que colaboraran e moi ben, colaboraron un montón deles, puñeron barras fóra, decoráronas, eles tamén se puxeron a roupa [romana]. Daquela a roupa era máis normalíña porque non había telas, eran máis ben normais e corrientes. Fixemos o primeiro taller de costura de roupa romana. Logo se empezou a traballar con colexios que é unha pasada. Hoxe todos os colexios de Lugo están participando. Dábanse charlas nos colexios e ían alí vestidos e fóronse creando as diferentes asociacións. Hoxe hai dezanove. Foron creándose ano a ano. Nós propuñamos desde Xuventude. Eu quería que houbera mulleres e abrimos un período para que se inscribieran mulleres no grupo das Vestais, que foron o primeiro grupo que se creou. E xente comezouse a animar, e a animar, foise a cada vez máis telas, máis roupas e claro non foi solo un pulo para a hostelería e a xente de Lugo senón tamén para o comercio, as perruquerías, o calzado... Beneficiou economicamente á cidade, moito.

A: No seu punto de orixe chama a atención que fora desde Xuventude. Desde fóra poderíase pensar como é que unha festa tan grande transversal non é de Turismo, ou de Cultura...

C: Porque naceu aí. Creouse desde Xuventude. Tamén participa moita xente xove. É unha festa na que ti cando chegas pódeste incluír, non quedas fóra. Podes encontrar a vestimenta e se non a atopas en calquera comercio hai roupa, puñéronse de moda as diseñadoras en Lugo nun momento determinado que había desfile de moda romana, aínda o hai de cinco, seis, sete diseñadoras que comezaron a facer roupas para o desfile e cada vez con roupas máis bonitas e máis auténtico. A verdade é que non o pensabamos, quedámos todo sorprendidos que así, despois dunha noite sola, ó ano seguinte xa seguira e seguira aumentando.

A: Entón o primeiro ano foi unha acción dunha soa noite.

C: Unha soa, ata a mañá cedo, ata as seis da mañá. E baixouse o río a facer as ofrendas ó río. Houbo un desfile, houbo un César xa naquel momento. Fíxose un desfile polas rúas do centro da cidade, houbo ese espectáculo de teatro e creo que algunha cousa máis de animación cultural pero creo que o primeiro ano aínda non tiveramos circo, foi no segundo ano cando xa viñera o circo á Praza de Santa María, naquel sitiño pequeno que puñeramos area e alí se fixera. Xa vimos que non cabía a xente e fomos cambiando pouco a pouco. E xunto con iso, pois xa che digo.

A: Isto era unha proposta que estaba no programa co que gañades as eleccións ou foi máis algo que xurdiu cando xa estabades na corporación?

C: Estou xurdíume un día na cabeza. Comenteillo ó Alcalde e díxome: Pois adiante! Pareceme moi interesante, lévao adiante. Non tiñamos absolutamente nada. Tivemos que comezar creando todo tipo de actividades para xóvenes naquel momento. Traballamos moitísimo nos institutos, naquel momento tiñamos barrios con zonas multiétnicas nos que houbo que traballar moito, tivemos programas moi bonitos e todo era un programa de aprendizaxe, entón non tiñamos cousas deste tipo que fan agora tamén divertidas, que co aprendizaxe tamén se fixera unha festa e se promovera que os rapaces e rapazas se incluíran en Lugo, na nosa cidade.

A: Polo tanto estas dúas patas, a do Arde Lucus Cultural e a parte máis festiva xa están aí desde o primeiro, desde o xérmolo.

C: Si, desde o segundo ano. Primeiro empezamos coa festa e xa vimos que era importante e foi cando comezamos o traballo cos colexios, ó ano seguinte. Xa se empezaron a facer as primeiras cousas, os primeiros intercambios con outras cidades, por exemplo con Braga que foi a primeira, xa que formamos parte da Vía XIX, Braga e Astorga. Empezamos os xogos romanos de taboleiro, faciamos intercambios para as finais, viñan os nenos de Astorga, outro ano ían alá os de Lugo, o ano seguinte a Braga... e así fomos meténdonos a nivel internacional, saíndo un pouco.

A: En canto a que é unha festa de recreación histórica é algo que pasou dende o primeiro momento ou foise asentando pouco a pouco?

C: Foise asentando pouco a pouco. Primeiro non tiñamos roupa, non había nada, nin había unha espada romana aquí en Lugo, nada de nada. O segundo ano, como se fixo un mercado, nese mercado comezaron a vir xa ese tipo de cousas, a xente de aquí viuno e viu que tiñan éxito, que se mercaban, e foi cando se empezou a expandir e a meter todo iso. E logo, sobre todo a recreación comezou en serio cando se constituíu a primeira asociación, que foi a Cohors III. Ahí foi cando se comezou coa recreación histórica. Son asociacións que están moi integradas na festa, que a viven, pero non só a festa, víveno e reproduceno todo. Ata tal xeito que non queren mulleres porque orixinalmente non as había. Ata ese punto que ás veces te enfadan pero bueno, teñen razón... hai outras asociacións que teñen mulleres. Pero esa leva solo homes. E levan a roupa auténtica que pesan mogollón. A partir de aí foi cando comezou a recreación de verdade.

A: Entendo que estas asociacións non solamente están activas na festa senón que teñen un traballo todo o ano de investigación, etc.

C: Sí, traballan todo o ano e van a moitos sitios: foron a Romanía, foron a Roma, van a distintos sitios de Europa. Invítanos. Tamén nós invitamos ós de fóra. Moi ben. Eu diría que as mellores asociacións de recreación histórica romana están aquí en Lugo. Porque eu teño ido a outras festas, por exemplo Cartagineses e romanos, e vale, pero é unha festa de beber e de música pop rock. Teñen o sitio onde teñen o campo de fútbol, todas as asociacións teñen o seu chiringuito, teñen música a tope e todo é beber, bailar e non salen de alí. Solo fan un desfile pola cidade pero nada máis. Eso para min, para nós, non é unha festa [de recreación]. E sen embargo xa é de carácter internacional, fíxate. As asociacións son a columna vertebral da festa.

A: Polo tanto, as asociacións foron unha proposta do Concello que despois funcionan de forma autónoma.

C: Son asociacións de ámbito local, autónomas, claro que sí. Claro que para a festa desde o Concello somos as guías. Decímoslles o que queremos facer e o que teñen que facer pero non lles decimos cómo porque eso xa o saben elas: tedes que desfilar a tal hora, de tal sitio a tal sitio, tedes que facer unha recreación de loita tal... e tamén eles fan propostas. Nós pediamoslles propostas para meter no programa, viamolos e decidiamos, esta sí, esta non ten nada que ver. A xente está moi integrada e traballando todo o ano sen descanso.

A: Isto ten que ter tamén unha importancia de cara as relacións veciñais. Nos anos 80 había un tecido asociativo na cidade que se fora perdendo e que esto fai que a súa importancia vaia moito máis alá do que é o Arde Lucus.

C: Home! E nacen novas cousas, por exemplo xente dunha asociación do Arde Lucus meteuse en grupos de teatro da cidade e tamén fai agora teatro. Ó final se integra en distintas cousas e traballan: están en corais, en teatro, en cousas de recreación histórica, de gladiadores, con talleres de gladiatura. Creáronse grupos de música, de tambores, para que os desfiles non sean así sosos senón que vaian acompañados de música. Case cada asociación ten un grupo de tambores, imaxínate, ás veces é demasiado cando van desfilando non se sabe moi ben cal é cada un... é moi rico, humana, culturalmente e tamén

de promoción da cidade. E tamén económica e social porque toda a xente que hai deixa os cartos na cidade. Non é que colaboren moito cando pides axuda...

A: O orzamento real do Arde Lucus é baixiño.

C: Sí, e é baixiño e é do Concello case todo. Excepto convenios que fas con Estrella Galicia, con Caixa Rural, cos viños da vía romana, non outra. O de Estrella Galicia é o máis importante. Ti fíxate como son as cousas: por ser Festa de Interese turístico galego recibes creo que son 1500€, por ser Festa de Interés Turístico Nacional son 3000€, unha merdiña, con perdón. O que se reivindica, desde a Asociación de Festas de Recreación Histórica de España, á que pertencemos, é que tiña que haber unha diferenza entre as festas de recreación histórica de todos os pobos en comparación con outras festas coma poda ser o Entroido ou para comer unha castañada, que está moi ben, pero non se dá para algo que podía servir para moito máis e que podería chegar moito máis alá se se fixera o esforzo de poñer cartos aí. Eso tamen a nivel do Concello. Sempre nos deron moi pouquiños cartos e sempre tivemos moi pouquiños cartos, tan poucos que ás veces ó rematar o Arde Lucus non nos quedaban cartos para facer outras cousas. Porque nese momento do ano tiña contratos con empresas para que fixeran actividades pero senón non quedaban cartos para facer outra cousa. Agora parece que teñen un pouquiño máis, non sei. Non me lembro de canto tiñamos, agora mesmo non o lembro.

A: As asociacións pagan unha cuota, entendo.

C: Eles sí. Nós tiñamos unha forma que era moi bonita: para que non dependan de subvencións, que tamén, pero só cando deciden presentarse, para facer talleres propios pero cando é a festa do Arde Lucus e do Arde Lucus Cultural neso pagámoslles como se foran unha empresa. Eles fan a proposta para o programa e nós pagamos dacordo co número de membros que teñen, a antiguidade, se non repiten actividades, premiase a innovación e todo eso. Dependendo deso reciben máis ou menos.

A: Nese sentido, falemos, ademais das asociacións, das Artes Escénicas profesionais, nas que tamén hai xente loitando duro na cidade. Falaba hai un tempo con Tareixa Campo, por exemplo, de que eles desde Achádego fixeron os primeiros anos unha tarefa de formación dalgunhas destas asociacións. Isto foi unha iniciativa do Concello?

C: Pois non me lembro, eu non levaba eso. O que si sei é que cando eu estiven en Cultura si que o fixeron.

A: Este tipo de compañías locais profesionais ou semiprofesionais como pode ser Achádego, Nova escena, Paloma Lugilde... eles presentan as súas propostas ou é un pedido do Concello? Digoo en relación con isto que dicías de que o primeiro ano fixérase unha obra teatral a pedido.

C: Para o Arde Lucus pídeselles sempre un espectáculo adaptado á data. A todos eles. Normalmente participan todos os grupos de teatro de Lugo. Por exemplo Nova escena xa ten un programa feito desde o primeiro ano en sitios moi específicos: na rúa do Miño, a pé da Muralla. Eso xa o teñen desde o principio e van modificando cada ano e interpretando

distintos papeles. Sempre se lles pide aínda que a algún non fai falla pedirlo porque xa o traen.

A: E eles solicitan un caché, hai unha igualdade de pago para as compañías, como funciona?

C: Eles fan as propostas do que queren cobrar. No teatro non vai por tamaño. Eles piden e se non chega o diñeiro pois dicímoslles: mira eso non o podemos pagar e normalmente se adaptan. Pero é verdade, ás veces non chegan os cartos para pagarlles todo o caché que piden. Que o merecen, vale, pero ó mellor é mellor ter algo que non ter nada.

A: A proposta de intervención en Artes Vivas que propón este TFM ten tamén que ver co proceso de profesionalización das Artes Escénicas en Galicia. Houbo un salto xixante coa apertura da ESAG-G, agora hai moita xente Licenciada en Artes Escénicas na cidade, e claro se manexas unha estrutura empresarial como se supón que debe ser pagando as altas en Réxime de artistas e demáis, os prezos vólvense inabarcables.

C: Sí. Aquí non hai diso. Cobran como se fora unha asociación. Logo sí que é verdade que seguen dando clases. Achádego da clases, e hai outro grupo Hipócrita teatro que tamén dan clase e aí meteuse xente das asociacións que hoxe son case actores profesionais. [...] Aquí o bonito sería que se puidera facer unha federación grande que englobase a todos e que o Concello en vez de pagar individualmente fixera un pago a esa asociación e eles distribuiran, pero son incapaces porque cada unha ten o seu mundo.

A: Non teñen moita relación entre elas as asociacións?

C: Teñen relación pero cada unha está ó seu mundo, non todas fan o mesmo. Se unha ten cabalos, outra non. Se unha desfila, a outra fai os muíños da auga, o dos bombeiros, traballan un montón. Hai unha que fixeron todos os aparatos dos bombeiros romanos que e moi divertido porque se fai calor, chufan. Moito de cociña romana, menú romano nalgún restaurante... Non son moi colaboradores.

A: Sempre se plantexou que o tema das Artes Escénicas fora de rúa e gratuito?

C: Na festa sí.

A: Nunca se plantexou algo como por exemplo no festival de Teatro clásico de Mérida que move unha cantidade de cartos en entradas brutal? Aí está Pentación, a productora. Chámame a atención que non se incluíse o Gustavo Freire dentro da programación sendo o escenario principal da cidade.

C: Sí, deso houbo aínda que sen pagar entrada. De feito foi teatro que se fixo en Mérida, relacionado co tema Romano. Foi en Santa Maria e a xente pagaba unha entrada porque era teatro-cena, puñéronse unhas mesas e uns bancos así de época, pechouse un perímetro e entón ti vias a actuación e máis tomabas algo. Eso fíxose por dúas veces, creo. Agora o tema é que traer esas obras de teatro igual che costan o dobre que as de aquí, ou o triple. Para os grupos de aquí, non. Se lles paga e actúan.

A: Esa é a loita permante na cultura: facela accesible ao tempo que se valoriza o traballo dos profesionais

C: Despois sí que se valoriza, porque todo o que fan no auditorio sí que se cobra. Non é unha cantidade grande pero sí.

A: Nesa liña entendo que se fai unha escolma externa de quen pode ter algo acaído para o Arde Lucus.

C: Sí, normalmente mírase o Teatro Romano de Mérida, míranse os grupos galegos de teatro que tamén son importantes e bos para traer un pouco de todo. Tamén teatro familiar, para os nenos. Miras o que che é máis axeitado de todos os xeitos: económicamente e de forma e temática.

A: O que pretendo con este traballo é facer unha estrea absoluta: un espectáculo creado na cidade, que teña a idea de xirar despois por Galicia e polo exterior e que se faga desde ese lugar de Artes Escénicas profesionais.

C: Achádego sí que xira por Galicia e algún sitio máis, Castela e León, penso. Hipócrita tamén fan xiras, agora van a Astorga, por exemplo. Nova Escena non, máis que algúns pobos por aquí. E Palimoco. Hai grupos que sí e grupos que non. Grupos aos que non lles apetece, tamén depende das circunstancias de cada un.

A: Volvendo á festa, en que momento xurde incorporar o castrexismo? De entrada é unha festa romana e segundo parece foi un proceso de híper romanización a saír a rebeldía do castrexo por aí.

C: Era normal. Se había unha asociación que representaba ó exército romano, que faciamos as entradas pola Vía XIX e tiñan que cruzar a ponte, deste outro lado vivían os cidadáns que xa estaban aquí que eran os castrexos pois o normal é que houbera alguén con quen loitar, con que enfrontarse para conquistar a cidade. Saíu de aí. Era máis divertido e máis auténtico atoparse cos cidadáns que xa vivían aquí e loitar. Din que foi pacífica. Fou todo progresivo. Ó principio a muralla non formaba parte, era simplemente o recinto, despois incorporouse dentro de, o desfile arredor e todo o rollo. Despois foise incorporando o balneario coas termas romanas, a Ponte... O que fixemos foi, para que chegara a ser atractiva para a xente, ir innovando cada ano metendo unha cousa nova para non cansar e non facer sempre o mesmo. Hai cousas que son sempre iguais: un desfile é igual pero as propias asociacións innovan, aprenden cousas novas e traenas. O último ano fixeron a tartaruga en plena ronda, a formación militar. Foi precioso. Ese era o leit motiv: non se pode aburrir á xente sempre co mesmo, hai cousas que sempre son iguais pero dentro desa igualdade tes que meter algo diferente e que a xente se traslade a ese sitio para que o viva doutra maneira. Todo foi evolucionando completamente: sitios, espazos, medrando... ata que chegamos a Festa de Interés Turístico Nacional que creo que foi cando tivemos que mudar os campamentos de sitio porque onde os tiñamos, a pé da Muralla, era un local que nos deixaba unha xente de Lugo a cambio lle lo limpiabamos e non nolo quixo prestar máis. Xa eran moitas asociacións e xa non cabían todas. Foi cando nos reunimos e [decidimos distribuilas] dentro do espacio que había dentro de murallas e no parque. Foi todo unha evolución. Innovando ano a ano. Eu creía, non sei o que van facer agora, aínda que xa non

estou me veñen a consultar cousas a ver que faría eu pero non sei o que queren facer agora realmente. Nós sempre tivemos concertos, nos últimos 6-7 anos comezamos a ter tamén un concerto o sábado á noite na praza de Santa María pero claro, nunca de hip hop nin dese tipo. Ou ben de música folk, galega, ou ben de rock pero con cousas como lume, vestiario, cousas así que tiveran algo que ver. Pois non sei, algún grupo destes alemanes que se visten do que se sexa, con gaitas... E estes últimos anos decidíronse por outro tipo de musica, por un hiphop, as chicas estas galegas que foron ó Benirdom Fest, as Tanxugueiras e por outro tipo de pop que non ten nada que ver que eu penso que non é o axeitado, é outra cousa.

A: Cales cres ti que son os perigos que corre o Arde Lucus, as cousas ás que haberá que prestar atención nos vindeiros anos?

C: Eu creo que sobre todo hay que anunciálo con tempo, ter pensadas as datas con tempo. Cando termina o Arde Lucus xa se sabe cando vai ser o seguinte, non podes parar uns meses para volver a dar a coñecer. Non. Tes que xa facelo e tes que seguir traballando nos colexios porque senón hai un perigo real de perdelo. Precisamos xente nova que substitúa ós que hai. Ese é un tema importantísimo, fomentar que os nenos e nenas sigan e se integren despois en asociacións. Empezar a crear asociacións infantís pero sacándoa dos colexios, autónomas. Porque hai nenos dos colexios que levan desfilando 4, 5, 6 7 anos, entón era bo facer algo fóra de. Eso sería a forma de que se implicaran máis. Penso que tamén hai que mimar moito as asociacións, hai que seguir mimándoa moito e non sei que máis. Hai que lle seguir botando moita imaxinación para que non morra, apostando polo centro da cidade. Esta non é unha festa para ter diseminada por toda a cidade, é unha festa romana - castrexa e o romano-castrexo está aquí [no centro]. O que tes que é facelo no sitio adecuado onde é, senón non ten sentido. Se levas un acto aló para a Milagrosa... home sí... por alí vai un acueducto. E que? Non se ve. Non ten sentido. Ou se a levas a Frigsa... non sei.

A: Claro, neste caso a escenografía xa está feita.

C: Claro! Unha das claves é o sitio. E logo, non se pode morrer de éxito. Eso é algo tamén moi importante, seguir traballando moito todos os días e implicar xa a investigación desde as Universidades.

A: Fomentar a parte do Arde Lucus Cultural?

C: Eso é. Fomentalo e seguir fortalecendo moito e non o esquecer, esa é a base de todo. E logo hai que animar á xente, que xa está animada pero todavía máis. Porque á xente lle gusta e está implicada e eso quere dicir que sigue querendo máis. Non hai que morrer nunca de éxito.

A: Eso vexo, que hai unha desproporción. Isto ven da Concellería de Xuventude, ten un orzamento moi limitado...

C: 200.000€? Pode ser? Creo que algo así.

A: ... e estamos falando xa de cifras de asistencia que camiñan cara ó millón de persoas nunha cidade de 98.000, multiplica por 10 os habitantes da cidade, é moi difícil de xestionar.

C: Moi difícil e moi pouco. Ademais sempre se xestionou desde alí [a Concellería], nunca con ningunha empresa, sempre directamente a xente que estabamos alí nos encargabamos de todo.

A: Como que tamaño aproximado ten ese equipo?

C: O equipo? Eramos 3-4 e logo como hai cursos na Casa da Xuventude pois había a xente que facía as prácticas e igual nos xuntabamos con 10-15 persoas xóves, máis axudando nos desfiles e esas cousas. Agora está María José [Pena] sola, pois antes estaba María José sola e máis outra chica e pola chica un chico máis e punto. Non hai máis. O esforzo foi terrible. O que se fixo e o que se fai. Agora non sei como se fai porque creo que se fixeron cousas a través de empresas últimamente.

A: María José díxome que non, que fan todo directamente.

C: Sí, pero contratan cunha empresa. É un traballo moi bonito pero horroroso porque acabas cansada, exhausta. E un ano tamén se fixo un Comilonum arredor da muralla que acabamos todos a cadros do sol e da roupa. O outro día preguntábame este da Cohors, que fan conferencias moi interesantes, dicíame... ai! e agora fan tamén o Nasciturus. Hai xa varios anos que se creou o nasciturus e fano antes da Festa. É o nacemento da cidade. É moi bonito. Este ano foi o segundo ano que lle lo vin, porque polo medio houbo o Covid e non o fixeron e saíalles moi ben. Por eso che digo... crean. E é unha pena porque se temos asociacións e crean e teñen imaxinación pois desde o Concello se ten que seguir fomentando, apoiando e cada vez máis e botando máis cartos senón algún día cansarase de tanto traballar e recibir menos cartos.

Faltarían moitas cousas como que houbera en Lugo guías turísticos que se vestiran de romanos e que recibiran ós visitantes. Eso facémolo no Lucus Cultural, temos dúas persoas que fan a Paulo Fabio e máis a un legado que leva con el que fan visitas guiadas. E á xente gústalles moito: van ás termas romanas, van visitar ó acueducto, por onde estaba... pero vestidos de época e así é máis divertido. Eu que andei por aí adiante vin cidades onde a xente dos barcos a recibían vestidos e explicábanlles pois esta é unha cidade romana que ten tantos miles de anos tatata e se van. Que quen os guía é fulanito que é o legado de César en tal...pois eso tamén había que ir metendo unhas cousas coas outras, misturando cultura e festa. Eso sería moi bonito.

A: E algunha idea que aparecera polo camiño que dixerades, que chula é pero non temos como pagala.

C: Moitas cousas, entre elas que non nos deixaban. O da muralla que arde, os lumes. Non non coma as lumes típicos da festa, son con música e ademais da música o lume é distinto, como se fora unha chama de chispas, unha chulada e non se faría pegado a muralla e tampouco explota... pero non nos deixaron.

A: Quizais o concepto inicial do lume, San Xoan, etc. da orixe está hoxe un pouco perdida na festa.

C: Porque non nos deixaron. E encima agora que se trasladaron tantas asociacións ó parque tampouco se pode facer no parque, co cal... Na ponte romana din que tampouco se pode facer porque matan os peixes... eu de verdade... Noutro sitios faise e creo que non.

A: Soamente nos quedaría falar de como foi recibida de inicio a idea a nivel político, chegabades novos despois de dúas lexislaturas do PP.

C: Verás o que me pasou cunha persona que en Lugo levou Cultura nos anteriores gobernos, que ademais escribe no Progreso. Díxome: "Carmen, no sé por qué haces eso. No vas a conseguir nada, la gente de Lugo no te va a responder. Lugo es una ciudad donde no vale la pena hacer muchas cosas porque la gente no participa" Díxenlle tranquilo, deixa que si me equivoco, equívocome eu. Hai que intentar cousas e non guiarse por experiencias anteriores. Ó mellor a túa experiencia non lles gustou e a miña gústalles. E despois cando viu o resultado díxome "mira como a xente de Lugo respondeu".

A: Hai unha diferenza ideolóxica de base moi importante entre a cultura elitista e a democratización da cultura.

C: Así é. Esta é a diferenza que ten esta festa, a xente participa, non é espectadora. O que quere participar, participa. Que se xuntan un grupo de amigos e amigas e de repente ocupan un cacho dunha rúa porque están facendo algo... pois fano. Que de repente queren simular unha loita de non sei que, pois tamén o fan. A xente pode facer todo o que esté relacionado co tema e goza.

A: Nese sentido hai unha permisividade por parte do Concello para que na vía pública sucedan cousas fora da programación. Eso é algo falado abertamente?

C: Sí, existe esa permisividade. Ata certo punto. Tamén sabes que pasa, que ó final as autoridades tampouco saben se ese grupo está formado por xente programada ou non porque sempre hai unha persoa do Concello polo entorno e se lle preguntan sempre vai dicir que sí, que forma parte de. Tes que axudar un pouco, non vai ser todo prohibir.

A: Algunha cousa que queiras engadir antes de rematar a entrevista.

C: A min gustaríame ver o centro de Lugo, o Comilonum pero dentro de murallas. Agora que todo aquel espazo da Praza Maior, a Porta da Muralla, todo aquel espazo facer todo un percorrido onde houbera unha comida romana dentro do propio Arde Lucus porque xa se fixo por fóra da muralla que parecía imposible e por dentro non hai que pechar nada. Cando a muralla sexa toda peatonal será unha pasada...pero hai que conservar a festa de aquí aló.

6.4 Anexo 4: Transcripción entrevista a Lola Fernández.

Bailarina e docente da escola de danza *Lola Saltatore*.

Fundadora e directora de *Nostrum Cai*, compañía de Artes Vivas participante en diversas edicións do *Arde Lucus*.

Realizada o 11 de novembro de 2022 nunha cafetería próxima á escola da entrevistada.

Lola Fernández: Sempre aí no mes de febreiro ou marzo chámannos a unha reunión, e cando digo nós estoume referindo ós grupos de teatro que ímos participar en calidade de asociacións culturais, non como teatro profesional, eso iría a parte.

Aarón Navia: O que pasa é que, ti a primeira, sodes profesionais, como falaba con Tareixa [Campo]. Aí está Achádego ou ti pero tamén a Cohors ou as Vestais. Que non é despreziciar pero que hai unha diferenza entre xente que está metida nas artes escénicas de xeito constante profesionalmente e xente que está noutro perfil.

L: Exacto. Desta reunión que che falo quedan a parte o que eles chaman as asociacións de ambientación, que son as Vestais, a Cohors... a nós xúntannos as que son teatrais, para facer teatro simplemente, esas outras supoño que terán a súa propia reunión pero non van con nós. E entón a nós o que se nos propón é “facede vós as propostas, que queredes facer?” Falamos un pouco en conxunto todos: canto tempo, cantas funcións, como facemos... e logo nós presentamos as nosas propostas e son aceptadas. Polo menos a de Nostrum Cai nunca foi rexeitada, sempre foi aceptada co seu orzamento...

A. Nunca vos negociaron?

L: Non, sempre o que eu pedín se aceptou. Cos horarios hai que variar un pouquiño porque hai que conxuntar con todo o que hai na cidade nese momento pero eu teño que dicir que practicamente todos os horarios que eu pedín para traballar e os lugares sempre foron aceptados. Ó mellor houbo algo de “mira, esta hora pode ser media hora máis tarde?” pero sempre foi aceptado. Eu penso que hai unha cousa que se podería facer co teatro no Arde Lucus, independentemente de si por asociacións ou por profesionais, etc. etc. Eu teño a idea de que sería moi bonito que segundo hai un investimento para facer un lugar propio para o circo romano... Non digo que chegamos a unha cousa tan grande, claro. Ou un lugar propio para as vodas ou esas cousas, eu penso que sería moi bo que houbera un lugar propio para o teatro. Porque nós o que estamos facendo ata agora, salvo na pandemia que foi distinto, foi para min moi agradecido e moi bonito o que pasou no segundo ano da pandemia, no primeiro non se puido pero o do segundo para min estivo moi ben. Un lugar para todo o que sexa o teatro pero un lugar verdadeiramente ambientado como teatro, como teatro romano, o teatro da época, ó aire libre, sí, como teatro da época. Non é unha cousa excesivamente cara, ó mellor é colocar un pouco as estruturas de ... non sei un pouco a estrutura... como as prazas de touros portátiles, algo así. A min o que gustaría é que houbera en vez de, por exemplo, o sábado ás 11 da mañá media hora este grupo de teatro en tal sitio con esta peza, dúas horas máis tarde este outro grupo neste outro sitio... Creo que sería moi bo ter ese sitio, o teatro romano, e aí caben as propostas de calqueira dos grupos, as que facemos en lugares dispersos pero aí, co seu horario... o sábado, o domingo... co seu horario. E me parecería que sería súper interesante porque o teatro romano ten unhas características en canto ó público, en canto a distribución, en canto ós

actores, a cómo se facía e como non se facía... entón pareceme moi interesante que sexa un espacio que sexa o teatro romano e que alguén se encargue de entre a media horiña, vinte minutos que representa X compañía de teatro e outra media hora que representa outra que houbera alguén explicándolle alí ó público como funcionaba o teatro romano. De feito, Nostrum Cai ten o seu espectáculo *Histriones e Saltatores* que é un espectáculo didáctico sobre o teatro romano e se explica como funcionaba detrás, como era aquel público, onde estaban situadas as partes do escenario, onde estaban as partes, onde estaba a orquestra, que si onde estaba o coro, paréceme moi interesante unha cousa redondiña que o recollera todo e como tampouco ímos estar actuando todo o día pero sí me parece moi interesante que se explicase como funcionaba aquilo, que tiña unhas peculiaridades moi peculiares súas.

A: O traballo titúlase Proposta de Intervención en Artes Vivas para o Arde Lucus e xusto a premisa inicial, que xa vexo que non e exactamente real pero para eso se fai o traballo, é que ó Arde Lucus quizáis lle falta, desde a súa concepción, unha maior consciencia de que é unha festa teatral, en toda a súa extensión, por eso Artes Vivas. Non me quero centrar en Artes Escénicas que limita máis o concepto. Estar nas rúas, asumir personaxes e a súa personalidade.

L: E ademais faise moi ben, teño que dicir que se fai moi ben. De feito si que é Artes Vivas, coa teatralidade como filosofía pois o Circo Romano é un teatro, están interpretando e incluso as batucadas... non deixa de ser un teatralización, os desfiles... todo é teatro nese sentido, é certo. Cando fan as vodas romanas, non sei, agora tamén. Ó principio non pero de hai moitos anos para aquí está tamén a realidade dos celtas e tamén é todo moi teatralizado e está ben, a min pareceme que está moi ben. Eu sempre digo que se entra aquí unha persoa que non coñece Lugo nin coñece o Arde Lucus nun destes días debe de quedar cos ollos *ojipláticos* do que se ve. A xente caracterízase... nese sentido creo que ímos ben.

A: Como lle definirías que é o Arde Lucus a unha persoa que veña de cero, que non teña nin idea.

L: En termos moi sinxelos, o Arde Lucus é unha festa de ambientación romana, moi participativa, na que se intenta realmente recrear a vida romana, non digo exactamente na cidade de Lugo, que tamén sería moi bonito intentar recuperar como era realmente na cidade de Lugo pero bueno, o que podemos coñecer historicamente e da época romana intenta ambientarse. E nalgúns casos creo que se consegue moi ben.

A: Ti desde cando está metida no Arde Lucus?

L: Nós participamos... teño que facer memoria, que difícil... Nostrum Cai participou no Arde Lucus hai moitos anos. O primeiro que fixemos foi *Salomé*, que sei eu... desde o 2015 podería dicir ó mellor. Teño que botar memoria para atrás, pode que desde o 2015. Hai moitos anos.

A: E tedes unha proposta que se vai modificando cos anos ou é cada ano unha cousa completamente diferente?

L: No caso de *Nostrum Cai* cada ano é unha cousa diferente. Non é así no caso de todos os grupos, no noso sí. *Nostrum Cai* levamos propostas de danza teatro, nalgunha ocasión como foi o *Salomé*, por exemplo, é teatral pura. No caso de *Nostrum* hai unha anécdota, para un ano para o caso do *Arde Lucus*, que solemos levar propostas cortiñas, de vintecinco minutos, media hora que representamos varias veces, tamén é o que nos propoñen desde o *Arde Lucus*. Un ano dixemos, que levamos este ano? Había dous que levamos danza teatro, puxémonos a pensar típico *brainstorming* e dixemos: por que non levamos unhas escenas da *Vida de Brian*? E a min tócame todo o traballo de dramaturxia e dirección. Volvín ver a película e decidimos montar para o *Arde Lucus* unha adaptación do FPX, a Fronte Popular de Xudea, e o montamos e foi tan ameno, tan divertido e tan bonito que acabamos facendo o espectáculo enteiro: *Romani Ite domum*. Un ano e medio despois estreamos *Romani ite domum* como un espectáculo dunha hora e cuarto.

A: Polo tanto no voso caso o traballo no *Arde Lucus* é un xérmolo para despois seguir traballando fóra do *Arde Lucus*.

L: Nese caso foi así. E logo, por exemplo, o *Histriones e Saltatores* naceu non como unha peza teatral, logo converteuse niso, pero o principio facíao eu sola. O primeiro ano que o escribín estaba eu sola, eu collía ó público, lle explicaba como funcionaba o teatro romano en cuestións físicas, como funcionaba o público, cómo funcionaban as obras... Era unha parladoira, unha clase didáctica miña, amena, teatralizada, pero era eso. De aí continúei traballando e con dúas actrices máis saíu o espectáculo enteiro de *Histriones e Saltatores*. Neses dous casos para *Nostrum Cai* traballar para o *Arde Lucus*, poñerse a pensar, a buscar... foi xérmolo para logo [facen un] espectáculo.

A: E que tal a búsqueda de información sobre o teatro da época para ese espectáculo? Non é fácil de conseguir.

L: Non, non é tan fácil. A investigación foi longa, cando digo longa é longa, longa e cheguei ata onde cheguei.. Lin dúas teses doutorais moi interesantes, unha delas sobre a danza na Antiga Roma e quedei con ela. Acabei descartando a outra. Nalgún momento estiven a poñerme en contacto con ela [a autora] para ver se podíamos facer algo, unha colaboración. Abarcaba de todo sobre a danza na época da antiga Roma e do Imperio. E claro, que pasa, tocaba moito teatro para chegar á investigación da danza, tocaba o teatro moitísimo. De feito pareceume moito máis interesante que a que atopei sobre teatro e entón acabei abandonando a de teatro e quedeime coa desta rapaza. É moi completa, de feito penso que son coma cincocentos e pico folios. Descubrín moitas cousas, ó mellor non moitas en termos físicos, sobre o teatro físico, pero sí sobre como eran realmente o tipo de representacións que se facían cando era un teatro digamos, profesional, da época. Cando eran actores e bailaríns profesionais. Guieime totalmente por esa tese.

A: Hai unha cousa como moi asentada, ó menos no meu proceso formativo así foi, de que o teatro grego era O TEATRO. E chegan os romanos, República, Imperio, etc. Cando chega o Imperio estaban centrados no circo e abandoaron o teatro; e non é tan certo iso. De feito a profesión de empresario teatral aparece no Imperio Romano, antes era unha cousa máis pública, do Estado.

L: Eu creo tamén polo que teño lido e investigado que é certo que o público romano era máis do circo que de teatro. O circo era de moita masa pero bueno, no teatro traballábase moito e traballábase moito desde o corpo que a min é unha das cousas que máis me interesa do teatro. Tamén unha cousa que xa sabías, pero deixache sempre moi claro que orixinais eran moi pouco, ían o teatro grego, facían as adaptacións, pasábano ás circunstancias propias de Roma... pero moi orixinais en canto a teatro non eran os romanos. Sei que isto é unha cousa que os que no dedicamos ó teatro a sabemos pero así lendo as cousas e vendo que sí que era verdade que pouca orixinalidade tiñan, decepcionoume un pouco... deixoume así un pouco... Pero creo que se traballaba moito.

A: Pode que teña que ver con esto que dis do físico: Grecia era moito máis de textos e é moito máis fácil conservar un texto e máis cos medios da época. Pero un espectáculo de mimo ou de danza teatro non ten rexistro, pode ser que alguén fale de que viu, da súa experiencia como espectador ou como participante pero non é o rexistro da obra en sí.

L: Exacto, non queda plasmado. Na época, sen video... faltaba (rise). Era unha corporalidade importante a que utilizaban para transmitir e logo tamén polo público que asistía; íanse moito á comedia, a traxedia deixaron a abandonada pero é que o público de teatro na Antiga Roma era moi particular. Entón pois era o que traballaban. Era popular.

A: E nese sentido si é fiel o Arde Lucus, no sentido de estar na rúa cos condicionantes que che da facer teatro de rúa que é unha experiencia completamente diferente. Vós por exemplo, tecnicamente, como traballades?, tedes algún tipo de estrutura de escenario?. facedes unha delimitación do espazo?, tedes amplificación, non?

L: Estrutura non, non acotamos espazo e ademais é difícil. No Arde Lucus é difícil porque sempre intentan escoller espazos que vexamos que aínda que non acotamos fisicamente si que pode haber un banquiño por aquí, unha cousa por alá que che vai permitir que se forme un corro que é o que precisas no teatro de rúa. Logo, si nos amplificamos son. No Arde Lucus usamos micro e como eu particularmente sempre levo música para calquera espectáculo. Iso todo nolo facilita o Concello.

A: Vós pasades un *rider*.

L: Exacto. Poñemos equipo de música, van ali os técnicos e colocamos diademas e traballamos así.

A: Traballades con música en directo ou gravada?

L: Pois ata agora sempre con música gravada porque hai unha certa dificultade para atopar músicos que toquen a música da Antiga Roma. Un ano levamos un pouco de acompañamento de frauta e dunha especie de pandeireta pero aínda así levaba unha base de música gravada de fondo. É que claro, conseguir que alguén toque a música da Antiga Roma cos instrumentos é moi complicado.

A: Claro, a afinación contemporánea é algo que ten apenas un par de séculos. A afinación daquela, cuestión de tons, semitons era completamente distinta. Xa non é saber tocar o instrumento, é entender a afinación.

L: Exacto. E á hora de bailalo tamén, completamente distinto. Tampouco me puxen a buscar a esa xente porque seguro que escarbás e atopas en Lugo a catro ou cinco personas que realmente che poderían tocar algo moi cercano. É pouquiño a pouco, como dicíamos antes é unha oportunidade para dicir “mira, non vou montar esto simplemente para o Arde Lucus para ambientar”, aproveitas para facer unha investigación. Nunca usamos coturnos, encantaríame que puideramos usalos. Houbo un ano que os quixen facer caseiros pero desistín porque digo: “vou matar os meus actores”. Pero hai que ter en conta que estes actores actuaban con coturnos e eso xa me parece unha cousa dificilísima.

Logo por exemplo con esta idea que falabamos de ter un espazo o máis ambientado posible, sería ir aniño a aniño aumentándolle unha exposición tamén de cousas, as máscaras que se usaban, que sei quen as faría en Lugo, levaríalle o seu tempo pero as faría. Unha exposición de coturnos. Hai unha serie de cousas que ó mellor hoxe en día non utilizamos pero quizáis algunha compañía de teatro si as usa. Ou foron cousas que avanzaron no tempo e chegaron ata hoxe. Pareceme moi interesante todo eso para encher ese espazo. E se pensas máis, ocúrrense máis pero agora as máscaras e os coturnos, seguro que alguén podería construír algún traxe dos que sacaban a escena.

A: E escenograficamente entendo que tes que aproveitar ó máximo o espazo no que te presentas, tes moi pouca oportunidade de levar algún tipo de escenografía propia do espectáculo.

L: Claro, cando vas á rúa a facer practicamente animación, ímos chamarlle así, porque é case o que facemos...

A: Non hai unha dramaturxia? Digamos unha estrutura textual aristotélica de presentación, nó, desenlace?

L: Nós, no que fai *Nostrum Cai*... Intentoo; porque intento que neses 25 minutos / media hora haxa algo redondo pero a verdade é que tampouco vexo o dos meus compañeiros non podo dicirche. Aquí o problema claro é, coma sempre, que non podemos ir ver os nosos compañeiros porque estás preparando a túa noutro sitio, media hora antes tiveches as probas técnicas... por eso digo que me parece moi bonito compartir un espazo e que haxa nel moito máis que simplemente entrar a nosa media hora representar. Que sexa un lugar vivo, teatral e propio.

A: Nese sentido que falas, algo que intúo é que un espectador que teña un particular interese polo teatro e que veña ó Arde Lucus élle moi complicado ir como se fai nos festivais de teatro que están pensados como tales, que vas seguindo a programación. É case unha cousa de sorte: estou aquí, hai unha función aí ó lado e digo “mira que interesante, achégome” pero é moi difícil ir activamente atrás dos espectáculos.

L: É moi difícil. Dígoche a verdade, eu collo o programa do *Arde Lucus* cando sae e dame preguiza lelo, auténtica preguiza. E incluso nalgo tan sinxelo como comprobar que *Nostrum Cai* ten ben postas lugar e hora, sólo para atoparnos.

A: Aí enlazas cunha das claves deste traballo: o equipo de produción do Concello (falamos de produción, distribución, comunicación, deseño gráfico...) fano catro persoas que nin

sequera teñen por que ter una formación específica en cada unha desas áreas, ó final son técnicos de Cultura do Concello que o mesmo son filólogos que administrativos que calquera outra cousa.

L: Sí, eso é un problema, Hai moita cousa. A nós tennos pasado por exemplo que eles intentan facer un programa no que as cousas non se solapen pero ocurriunos. A xente tan grande que teño en Nostrum Cai fixoo súper ben, estabamos actuando diante da Deputación e, ó lado, está a Cohors, que fan un espazo con madeiras, pero a Cohors sae desfilar e fan ruído, con moita enerxía, son coma un exército. Nós comezamos á nosa hora e estabamos actuando, era o FPX, e de repente comezase a oír o trantrantran e nós sabiamos perfectamente que a Cohors non ía simplemente a pasar por San Marcos, a Cohors ía cara o seu lugar co cal íannos solapar completamente. Afortunadamente a Fronte Popular de Xudea o que fai é poñer a parir ós romanos, trátase deso fundamentalmente, eles non van facer nada pero poñen a parir ós romanos, sempre. Entón esta xente cando chega a Cohors deulles por improvisar pero claro, o público nin con micros non podía oír. Había un corriño de xente que non nos podía oír. Non lembro quen se puxo a improvisar contra os romanos, enganhamos todos ata que entraron dentro, pararon e puidemos retomar.

A: Aí está a capacidade profesional do grupo para resolver o que sucede na escena.

L: Claro, é que nesta montaxe era moi fácil porque a Fronte é o que é. Non é un texto fácil, quen coñeza a Vida de Brian sábeo. Xurdiu, alguén tivo a lucidez no momento de poñerse a improvisar e en ningún momento se perdeu a liñalidade do que estabamos a facer ata que eles chegaron, deixaron o ruído e non sei tampouco como, son estas cousas de maxia que ocorren, volvimos enganchar onde o tiñamos. Eso pódete pasar, houbo unha intuición por parte de quen estaba na escena e solucionouse. Pero claro, se estás facendo outra cousa ou non tes esa capacidade... E segundo che pasa eso pódete pasar calquera outra cousa. É rúa. Ademais, foi nun momento moi específico no que hai de todo. Entón a verdade é que o traballo de interpretación é importante,

A: Canto tempo ensaiades desde que facedes a proposta (xaneiro-marzo) ata o Arde Lucus?

L: Todo ese tempo. Nós traballamos desde xaneiro - febreiro. Este ano [2022] non fomos, adiantárono, en vez de ser o vinte e pico puxérono a primeira quincena e entón para o profesorado é un momento moi complicado. Por eso decidimos non participar. Pero normalmente eso, a primeira metade do ano.

A: E ese problema en particular, compartístedelo co Concello?

L: A verdade é que non, díxenlles este ano non podemos participar pero non lles comentei por qué. E eso é, desde xaneiro febreiro comezo a darlle voltas e traballamos como un día á semana, non máis. No caso de Nostrum Cai sabemos que non temos problema porque temos un código, un coñecemento. E imaxínome que o resto de grupos de Lugo será algo parecido porque todo os elencos son relativamente estables.

A: A parte desta idea de facer un teatro, que requiriría unha inversión e planificación máis grande, que se podería facer desde o teu punto de vista para facilitar o voso traballo como profesionais da escena dentro de todo esto?

L: Non lle vexo demasiada posibilidade de mellora con este sistema de cada un a unha hora nun sitio. Conste que me parece moi ben a idea de que non se faga unha obra completa dunha hora e media, pareceme moi ben que as intervencións sexan curtíñas, ó ser de rúa e a xente ir tanto de paso. Non sei se hai demasiada posibilidade de mellora porque os medios técnicos póñense e eu tal e como está montado agora non lle vexo posibilidade de mellora. Porque resulta imposible que desde a produción se teña a tantas persoas como espazos acotando espazos e despois mover todo para outro sitio, paréceme bastante difícil. Sería ideal pero moi difícil. De feito é por iso que sempre tratamos de que os elementos escenográficos sexan os mínimos. Apoiamos todo no traballo do actor porque lembro que nunha ocasión levamos catro sillas que imitaban pedras, noutra ano levabamos dous cestos grandísimos cheos de froes e uns cantos instrumentos.

A: Polo que estou entendendo, ao haber tantos espazos e tantas necesidades técnicas, téñense que facer licitacións a diversas empresas e ati tócache o técnico de son que che toca.

L: Sí, e normalmente sabes quen é o día anterior... iso sí que sería mellorable. A empresa que che vai levar sonponse en contacto contigo o antes que pode pero sei de boa fonte que ás veces nin a empresa o sabe ó mellor 48h antes. Ponse en contacto contigo e quedas tal día a tal hora en tal sitio, traen o seu equipo que logo teñen que trasladar, están para media hora pero no meu caso que sempre utilizo son, eu levo o meu propio técnico.

A: Porque eles nin viron nin coñecen o espectáculo.

L: Claro, Nostrum Cai leva o seu técnico. O técnico coñece o espectáculo e a empresa o único que ten que facer é colocar mesa, baffles, colocarnos as diademas ou corbatas e comprobar que funcionan. E logo o técnico de Nostrum vai a mesa e durante o espectáculo o fai todo.

A: Esa decisión: diadema ou corbata, tómala ti?

L: Sí, a min non me gustan as diademas pero son mellores. Prefiero o de corbata pero sí que é certo que se tes moito texto e moito movemento nótase. En Histriones..., por exemplo, non podemos usar diadema porque hai un momento do espectáculo no que nos poñemos máscaras. E aínda que cando nos poñemos a máscara non falamos, o nó para atala coincide coa diadema. Como o sabemos, intentamos traballos dirixindo a voz hacia os micrófonos. En Nostrum estamos moi alleccionados na proxección entón non temos grandes problemas. De feito a min gustaríame facelo sen micro de ningún tipo pero recoñezo que na rúa non é viable.

Eso solucionaríase, como dicíamos, cun espazo e unha explicación histórica, histriónica, teatral.. porque se lles amosamos como era o circo, por que non tamén como era o teatro? Non so representacións de pezas, que está moi ben, a parte moitas das pezas son orixinais, actuais. É que ti colles as obras romanas e son complexas, ó mellor non na trama pero son complexas á hora de ser representadas. Moito, moito texto. Entón cando as comedias son

de enredo é moi difícil, tes que comezar *in media res* pero tes que explicar o que veu antes dalgunha forma. Pasar obras completas ou adaptadas levaríanos a hora e media ou máis.

A: Claro, quen está facendo eso é Pentación, no teatro romano de Mérida, pero son producións xigantescas. Tamén porque contratan estrelas da tele e eso tenlles que mandar o orzamento moi arriba.

L: Sí, pero a parte deso son moi complexas para levalas á práctica. Eu por exemplo un ano fixemos.. cóstame lembrar... La Asamblea de las mujeres. A obra é potente, o que pasa é que era relativamente fácil extraer a escena na que as mulleres preparaban e ensaiaban como se ían presentar na Asemblea facendo que eran homes. Esa escena así illada pois ben, era relativamente fácil e moi representable. Moi acaída ó día de hoxe, tamén hai que dicilo, e foi moi agradable. Pero ti poste a ler aquelas obras e non es moi capaz de extraer dúas ou tres escenas que se podan botar así sen máis.

A: A min esas obras, quizáis pola miña propia traxectoria, lémbrenme ós culebróns, onde hai moita repetición de información porque os guionistas son conscientes de que o público non está con atención plena senón que están facendo cousas pola casa, atendendo ós rapaces, o que sexa, e cando volven mirar tes que asegurarte de que entenden, entón tes que regresar a repetir información.

L: Claro, son obras moi extensas. Eu para este ano comecei a ler algunhas cousiñas e ás veces digo: buah! ímos deixalo para mañá.

A: Nas diversas conversas que vou tendo neste proceso aparece unha idea, non semre explícita de que hai un risco de morrer de éxito, no Arde Lucus. Tanta xente ó mesmo tempo participando de algo así se non ten un certo orde dentro dese caos é moi posible que termine sendo unha mala experiencia quen se achegue neses días a unha cidade de 90.000 personas nas que hai preto dun millón.

L: Podería ocorrer. Non sei como chegou a medrar da maneira que o fixo. Si que penso que medrou ata un punto e nos últimos anos deixou de medrar. Foi crescendo pero penso que leva un anos estancado, afortunadamente. Non solamente para o que chega de fóra, que tamén, para nós os propios. Volvo ó mesmo: hai de máis e, o mellor, un pouco deslavazado. Eso que che comento de que me da preguiza mirar o programa vai por aí. É moi exaxerado, a min que veña xente paréceme ben, agora que tamén vou dicir moita xente vén ó que vén, é dicir, o interese cultural non sei ata que punto chega.

A: Hai unha parte de que facer unha bacanal é ser moi fiel á realidade romana pero claro, pode ser unha certa trampa.

L: Si, e cuidado porque o interese cultural sí que o será para algunhas personas pero creo que moita xente ven pola festa.

A: Unha cousa particular do Arde Lucus é que naceu da man de Carmen Basadre que era Concelleira de Xuventude, Cultura e Turismo, que podía ter unha lóxica naquel momento que estaban esas competencias xuntas pero ó longo dos anos mantívose dentro de Xuventude. Máis alá de que esa sexa a realidade, para ti ten lóxica? É algo que está

vinculado coa mocidade ou xa se estendeu moito máis alá e perdeuse ese vínculo coa poboación máis xoven?

L: Sí, eso fixísimo. Eu realmente creo que o Arde Lucus quen o empezou foi Rosana, o que pasa que lle teño perdida a pista, non sei nin se segue en política. E fíxate como comezou, que esto o sei por xente cercana, Rosana levaba daquela non sei que Concellería, ela dixo ímos facer algo que non sei nin si lle chamaban Arde Lucus. Na praza do Museo había unha especie de mercadillo e onde a praza de Abastos uns concertinhos de música indie, unha pequeniña festa. Despois no Concello regalaban tela, malísima, desta de Entroido, para facer traxes de ambientación romana. Lembro que a miña nai lles fixo uns traxes ás miñas sobriñas. E logo foi cando empezou a levalo Carme. Sí, sempre o levou Xuventude e é algo que sempre me chamou a atención, supoño que sería máis lóxico que o levara Patrimonio, Cultura.. pero se houbera Concellería de Patrimonio pareceríame que tería moito sentido. Cando o levaba Carme tiña máis sentido porque era Cultura, Xuventude e Promoción da lingua, agora Cultura e Xuventude están separados, desde vai facer catro anos. Cultura está no Bloque e Xuventude no PSOE e seguese mantendo en Xuventude.

A: Podería ser incluso lóxico, vendo as dimensións que tomou a festa, que houbera unha Concellería do Arde Lucus, ten tanta importancia a nivel turístico, industrial, de promoción da cidade, de cultura, de arqueoloxía. Ten as dimensións para ser un departamento, non sei se Concellería, co seu propio orzamento.

L: Tería sentido, totalmente, porque xa levamos moito tempo. Coñezo as persoas que están alí, o seu traballo, e sei que traballan como burros, dou fe. De pasar por alí e velos atorados e logo, tamén hai que agradecer que durante o propio Arde Lucus están presentes: traballan, están presentes por alí, achéganse, pasan, vixilan. No caso de Nostrum nunca se pararon nada pero alo menos pasaron por alí. E no caso de Carmen tamén, sempre estaba presente.

A: Pero segundo dis, ó final depende da boa vontade duns funcionarios que deciden que sí, teñen a súa praza fixa e queren involucrarse máis alá. Esa boa vontade dos funcionarios é un dos riscos que ten a festa: en calquera momento hai unha baixa laboral, hai unha situación familiar que muda, hai un enfado interno... e ademais a propia sobrecarga de traballo pode ser o causante desas mudanzas.

L: Están aturullados totalmente. Eu sei de boa fe porque nós firmamos contratos, presentamos os seguros, as cousas coa seguridade social, con Facenda, todo iso...

A: Nostrum contrata ós actantes?

L: Non, neste caso non, son membros da asociación e xa está. Por eso che digo que para o Arde Lucus vamos como asociación porque todo o que montan con nós non é teatro profesional, o que queren son asociacións culturais.

A: E se unha compañía local profesional quixera participar a única forma que ten é facendo a trampa mítica da nosa profesión da dobre estrutura: cando convén son unha empresa, cando convén son unha asociación?

L: Claro. É que en realidade teatro profesional non traen.

A: En paralelo ó crecemento do Arde Lucus apareceu en Galicia a ESAD-G, que segundo os meus cálculos ten que ter xerado arredor de cincocentos licenciados en Artes Escénicas. Sen embargo non hai un crecemento industrial que sexa capaz de absorber eses profesionais.

L: Sí, nunca o plantexara. Pero penso que é unha cuestión de ir alí e propoñer. Dikir: teño esta obra de teatro, que entraría profesionalmente no teatro romano, contratádesme? Eu é o que faría. Sí que traen xente de fóra, pero a xente que traen de fóra é para facer animación; houbo un ano... o que pasa é que aquilo daba auténtica vergonza, unha cousa espantosa... que mal feito... non tiña pés nin cabeza. E trouxeron o escenario da Praza de Santa María. Hai anos. Era algo feo, espantoso, non tiña nada que ver co teatro romano... Eu penso que se alguén de verdade ten unha proposta profesional, ó mellor son un pouco inxenua, pero se eu tivera unha montaxe profesional pola que pudiera cobrar, eu que sei, 6000€, como se fai por un bolo profesional eu iría facer a proposta ó lugar correspondiente. O mesmo que se tes unha obra de teatro clásico podela propoñer para a Mostra de Teatro Clásico. O que pasa é que non se pode quedar na idea, tes que ter un produto e ir alí vendelo e dicirlles: “interesaríavos?” A min desde a Concellería nun determinando momento consultáronme se sería capaz de facer un espectáculo con música e danza en directo, eu naquel momento dixen non porque estabamos en febreiro e un espectáculo dunha hora e media con músicos e bailaríns en directo non o dou feito neste tempo. Propúsenlles daquela que trouxeran a un grupo italiano que fan eso e son boísimos, ós que eu sigo pero a seguinte vez que nos vimos xa me dixeron que eran carísimos e non os podían traer. Hai que ter un produto rematado e penso que, a un prezo duns 10.000, contrataríano. Que pasa? Que hai máis festas de recreación romana e ademáis comezan a medrar, está Ribadavia, non, esa é máis medieval... pero bueno, hai máis sitios. Moitas destas empresas que veñen con cousas grandes están traballando aquí pero despois van a non sei onde, despois a non sei onde, etc. Eu digo, claro, é un risco grandísimo montar este espectáculo, cos custos fixos que ten a produción de algo así e logo non o logras vender...

A: Non termina de encaixar moito, ademais, coa idea da organización de que todo sexa nas rúas do casco histórico e de xeito gratuito.

L: Non termina de ser de todo certo porque o Circo Romano é fóra de Muralla e é cobrando entrada. E échese.

A: Sería unha boa forma de xerar unha pequena tempada teatral na cidade, vinculada ó Arde Lucus Cultural. Que tal funcionan esas actuaciónes?

L: Creo que vai bastante xente. No Arde Lucus Cultural, cando nós tivemos o espectáculo completo de Romani ite domus, ó ano seguinte de FPX, fomos ó Arde Lucus Cultural, actuamos no Vello Cárcere, un lugar horroroso para actuar, cun eco terrible, pero estaba petado. Actuamos a caché e estaba petado. Outras cousas ignóroo porque eu non vou. Si que é verdade que eles teñen a idea de rúa, rúa, muralla, muralla... Eso ó mellor sí que era bo expandilo. O público vaise todo á zona do Casco Histórico porque é onde está o Mercado, xa non é dentro de murallas porque por exemplo por aquí [inicio da Rúa Nova] non hai nada, é máis ben Praza Maior e o que rodea. Sinceramente, é un auténtico agobio

de xente. Eu ó primeiro ía, alomenos a intentar ver ós outros compañeiros de teatro pero chega un momento no que non podes nin ir pola rúa. Eu quitaríame esa idea da cabeza de non extender a outros puntos da cidade, montar alomenos outro par de núcleos. Necesítase. Eu hai anos que para o Arde Lucus fago a miña actuación, intento que fagamos unha e nunha hora teñamos xa a seguinte. Témonos que mover de lugar e todo e é verdadeiramente un cacao, non te moves por Lugo. Tes un apuro e precisas ir ó baño nalgún sitio e non o consegues. Está masificado. E unha das razóns desa masificación é esa centralización espacial. Entre actuación e actuación tes verdadeiros problemas para moverte e xa non digamos se precisas ir ó baño. E ademais con problemas de atención do público. Ás veces é máis unha festa que unha festa de interese cultural. Eu nunca me caractericei pero cando teño que actuar vou xa desde a casa lista porque claro, na rúa tampouco podes plantexar necesitar moito porque non podes. É certo que non chamas a atención pero igualmente non podes prepararte no sitio. Eu faría eso: un lugar de teatro. E se tivera un espectáculo profesional completo, ofreceríallelo.

A: E sabes se algunhas desas actuacións de rúa sae despois fóra da cidade como promoción?

L: Sei que eles van, un comité e tal pero de teatro nada. Ó mellor levan a algún Senador, algo así pero teatro ou danza non levan como promoción ata onde eu sei. E era algo moi da época, por exemplo as *belly dancers* (danzarinas do ventre) era algo que usaban moito, con esa fascinación co exótico, pero aquí non, a danza sempre queda un pouco de lado. Si que o fan por exemplo en lugares de Italia que traballan de xeito semellante e levan, ademais de conferencias e cousas así espectáculos de danza e teatro da época. A miña sensación é que aquí do tema de teatro pasan un pouco, a nós máis ben lévannos como ambientación. Que pasen cousas na rúa, que haxa sempre algo que ver... que a xente ten que estar atorada porque chegas aquí e ves esto, das catro pasos e xa atopas outra cousa.

A: Tampouco hai unha curaduría ou dirección artística do Arde Lucus.

L: Non, imaxino que non. Non hai, non. O que nos podamos poñer de acordo entre nós. Lembro por exemplo unha vez que fixeron con Antón Sampaio un grupo de xente para facer as aperturas das portas da cidade na Praza de Santa María [refírese ao Nasciturus, que segundo indicou Tareixa foi dirixido os primeiros anos por Achádego teatro], eu levaba danza. Había música de fondo e flauta e pandeiro en directo, iamos dúas bailarinas. Como eles precisaban cambiar de escena e había momentos nos que se lles quedaba o escenario baleiro, imaxínate que tipo de montaxe era, pois puxéronnos nas escaleiras do Bispado e nós enchiamos ese espacio con danza. E sí, ilumináronnos e tal pero bueno, faciamos o que podíamos. Se eso o fas ben, con actores profesionais e ben montado podería ser unha inauguración da festa, da cidade, súper bonita pero aquilo era un apaño para mentras se baleira alí a ver se miran para o outro lado cun pouco de sorte. Un desvío de foco de atención improvisado quince días antes no que adaptamos o que xa tiñamos, un espectáculo a parte, separándoo por cancións para encher eses ocos. Eu ata lles dixeran: poñede a canción que vos apeteza, nós en canto oíamos, facemos. Sempre levabamos unha que era a musica comodín, improvisabamos con ela unha danza e xa está. Esa é a sorte de ter compañeiros cos que te entendes e podes traballar.

A: Algunha cousa que queiras engadir antes de rematar sobre como podería mellorar o Arde Lucus desde as Artes Escénicas.

L: Non sei a quen corresponde pero penso que alguén se debería para a pensar cal é a verdadeira filosofía do Arde Lucus, ten que ter unha filosofía de base e de fondo que debería guiar todo o que se fai na medida do posible. Creo que esa filosofía está sen determinar, a sensación que a min de deu sempre é que van á *impro* e a festa foi medrando, o cidadán de Lugo participando, aínda que os máis sensatos dicindo “marcho de Lugo”, ó mellor é un pouco coma as luces de Vigo. Nas luces de Vigo alguén debería pensar que si, traen moitos cartos,